

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11

SESION ORDINARIA 30 DE XUÑO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Abelairas Rodríguez, Isaura
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen (Presidencia)

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos.
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa (incorporase
mais tarde, ás 9,29 horas)
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

Excmo. Sr. Alcalde (grupo Socialista)
Díaz Vázquez, Raquel (grupo Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día trinta de xuño do ano dous mil catorce, coa Presidencia da Primeira Tenente de Alcalde, D^a. Carmela Silva Rego, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da

Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(90).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA DO 28.04 E EXTRAORDINARIA DO 2.05.2014).

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 28 de abril e extraordinaria do 2 de maio de 2014.

1.1(91).- TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA DE DONA RAQUEL DÍAZ VÁZQUEZ, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA. EXPTE. 912/1101.

ANTECEDENTES.- En data de 26.06.2014, a concelleira do grupo municipal socialista presenta no Rexistro Xeral do Pleno do Concello escrito que literalmente di:

“RAQUEL DÍA VÁZQUEZ, con DNI nº 34.965.829-X, concelleira do Excmo. Concello de Vigo, adscrita ó Grupo Político Municipal Socialista, mediante o presente escrito, ratificado ante o secretario xeral do Pleno no intre da súa presentación no Rexistro, comunico ao Pleno do Concello, os efectos da súa toma de coñecemento na

vindeira sesión a seguinte decisión:

A miña RENUNCIA ao cargo de concelleira do Excmo. Concello de Vigo.”

DEBATE.-

PRESIDENCIA: A concelleira que hoxe presenta a súa renuncia ao cargo de concelleira ten presentado unha carta que me pediu que no seu nome lera e paso e ler.

“Querido Alcalde, compañeiros e amigos do Goberno local, compañeiros da Corporación, esta carta quere ser un ata pronto e non un adeus, quere poñer en palabras a marabillosa experiencia que foi dedicar sete anos da miña vida ao servizo público, seguro que non o lograrei é difícil poñer en palabras experiencias, traballo e sentimentos, vouno intentar porque creo que desta forma entenderase mellor a miña renuncia ao cargo de concelleira.

Sempre crin na actividade política como o instrumento que ten a cidadanía para facer valer os seus dereitos, para avanzar na busca de sociedades máis xustas e máis igualitarias. Cando o Sr. Abel Caballero me propuxo formar parte da lista electoral do Partido Socialista Obreiro Español sentín o enorme orgullo de que puxese a súa confianza en min, sentín que era un apaixonante reto que me permitiría poñer en práctica as miñas ideas sobre a actividade política e unha enorme responsabilidade de cara aos cidadáns aos que queríamos representar. Aceptei o reto, asumín a responsabilidade e respondín afirmativamente á confianza do hoxe alcalde de Vigo, acertei ao facelo, foron sete anos de intenso traballo, dun gran compromiso coas viguesas/es, dunha extraordinaria aprendizaxe, de poder formar parte dun proxecto que transformou esta gran cidade. O máis extraordinario foi a marabillosa xente que fun coñecendo, a relación persoal con miles de persoas que fixeron que entendera mellor a cidade, o extraordinario dinamismo de Vigo, o seu impulso imparable de avance, a súa capacidade para organizarse en defensa do que considera e é xusto. Que dicir da miña relación cos meus compañeiros de goberno, establecemos un lazos de amizade irrompibles, naceron hai sete anos e durarán para sempre.

Tamén quero agradecer ao resto de concelleiros da Corporación a súa relación comigo, discrepamos politicamente, debatemos, en ocasións con contundencia pero sempre fomos capaces de ter unha relación de respecto e consideración mutuas. Que dicir a todas e a tódolos traballadores do Concello que colaboraron comigo, meu eterno agradecemento, sempre sentín o seu compromiso e o seu apoio ao meu labor, gracias.

Gracias tamén a tódalas viguesas e vigueses por permitirme representalos e por todo o cariño que me deron.

Hoxe teño que afastarme da miña actividade política, fágoo por causas de saúde, sei que a miña batalla agora é esforzarme por seguir mellorando. Adquirín moita forza nestes sete anos e sei que o vou conseguir. Non foi unha decisión fácil pero é a que debo tomar.

O Alcalde e os meus compañeiros e compañeiras do Goberno estiveron ao meu carón todo este tempo no que a miña saúde impediume estar ao cen por cen, sei que seguirán ao meu carón e quero que saiban que necesito e quero que así sexa.

Agradezo moito que o Alcalde dixera que segue contando comigo e que as portas e as fiestras seguen abertas para min para que poida traspasalas tan pronto me recupere.

Esta carta non é un adeus, é unha ata pronto. Gracias a todos por todo. Gracias a Vigo.

Emocióname mirar para atrás e analizar todo o que vivín, iso vaise comigo e queda gardado na miña caixa de tesouros, unha caixa que non garda nin xoias, nin cartos, gardo sentimentos, vivencias e o cariño de moita xente que é o único que de verdade valoro.

Vémonos pronto, un enorme abrazo para todos. Raquel Díaz.

PRESIDENCIA: Queda dado o recoñecemento deste escrito de renuncia ao cargo da concelleira dona Raquel Díaz Vázquez.

Ao abeiro do sinalado nos arts. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo

que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre relevo de cargos representativos locais,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ao obxecto de que se proceda ao relevo da Sra. concelleira citada conforme ao disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo para estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato/a ao que corresponda cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central para os efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1(92).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO SOLICITANDO A CONCESIÓN DE INDULTO PARA DONA ANA GONZÁLEZ OUTERELO E DONA TAMARA VIDAL GARCÍA. EXPTE. 913/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xuño de 2014, os tres grupos municipais que conforman a Corporación municipal, presentan no Rexistro do Pleno nº 913/1101, a seguinte Declaración Institucional que literalmente di,

"As cidadás Ana González Outerelo e Tamara Vidal García foron condenadas polo Xulgado do Penal número 3 de Pontevedra, mediante sentenza número 186/2013, ditada en procedemento abreviado número 108/2013.

A Audiencia Provincial de Pontevedra, sección segunda, mediante sentenza número 76/2014, dimanante da apelación do procedemento abreviado número

302/214-M, condenounas por un delito do artigo 315.3 do Código Penal á pena de tres anos e un día de prisión e multa de doce meses e un día, a razón de seis euros.

Os tres grupos municipais que conforman a Corporación Municipal do Concello de Vigo declaran e acordan:

Primeiro.- Solicitar a concesión de Indulto, por conduto da Subdelegación do Goberno, a favor das penadas Ana González Outerelo e Tamara Vidal García.

Segundo.- Remitir esta declaración ao Ministerio de Xustiza do Goberno de España como órgano competente para a concesión do devandito indulto."

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(93).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 29/2014, SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA AMORTIZACIÓN ANTICIPADA E EXTRAORDINARIA DO PRÉSTAMO DO ANO 2013 E AMORTIZACIÓN DUNHA ANUALIDADE DO PRÉSTAMO DO ANO 2010. EXPTE. 102356/140 (898/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 15 de maio de 2014, o interventor xeral municipal emite o seguinte informe,

"Incoado por Resolución da Alcaldía de data 13 de maio do ano en curso, tivo entrada, con data 14/05/2014 nesta Intervención Xeral o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 29/2014, que se financia con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido no exercicio do 2.013, e presentada a proposta de modificación acompañada da Memoria xustificativa que se inclúe no propia Resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do previsto polo artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigo 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

I.- Lexislación aplicable.

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Bases de Execución do Orzamento.

O expediente de modificación orzamentaria que se tramita, contén un suplemento de crédito por un importe de 10.186.743,88 euros. Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulamentada nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL) e artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), así como na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente.

O Remanente de Tesourería que se propón como recurso para para financiar a modificación orzamentaria por importe de 10.186.743,88, regúlase no artigos 177 e 191 de devandito corpo legal e artigos 36, 101 a 105 do mencionado Real Decreto 500/1990.

II.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que se vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales proxéctase este tipo de modificación de créditos, requisitos, por outra banda, que son comúns tanto para os suplementos como para os créditos de carácter extraordinario.

En síntese, tales requisitos concréntanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podéndose demorarse para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica a que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso das dotacións de créditos extraordinarios; ou para o suposto de suplementos, a constatación de que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na aplicación correspondente do

estado de gastos do orzamento a que se debe imputar o gasto proposto, e iso no nivel establecido na bolsa de vinculación xurídica dos créditos aprobada polo Pleno da Corporación, non podendo ser obxecto de ampliación.

Amortización dos préstamo concertado no ano 2013 e parte do concertado no ano 2010.

Neste caso, a cuestión da xustificación, é por unha banda de tipo económico-orzamentario, xa que supón un aforro de custos financeiros con cargo ao orzamento do ano 2014, pero tamén, con cargo a orzamentos futuros, e por outra, mellora a ratio de endebedamento.

En relación coas operacións que constitúe débeda financeira, identifícase co préstamo con apertura de póliza de crédito coas seguintes características:

Préstamo concertado co BBVA, adxudicado con data 19 de abril de 2013 pola Xunta de Goberno Local por un importe máximo de 9.100.000 euros, e formalizado con data 9 de maio do mesmo ano, habendo consolidado pola contía de 8.831.560,08 euros. O prazo de amortización da operación, escomeza o 30 de decembro de 2014 e remata no ano 2023, sendo a anualidade de amortización constante.

Préstamo concertado no ano 2010 co BBVA, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de setembro de 2010, por unha contía máxima de 27.000.000 euros, formalizado o 8 de outubro do mesmo ano, habendo consolidado pola contía de 24.943.440,79 euros. O prazo de amortización escomezou no ano 2012 e remata o 30 de decembro do ano 2020. No ano 2011, acometeuse unha amortización extraordinaria deste préstamo por unha contía de 2.259.038,40 euros.

En canto ao índice de endebedamento financeiro, a Liquidación orzamentaria do ano 2013, puxo de manifesto unha ratio do 16,66 por 100 sobre os ingresos liquidados por operacións correntes deducidos dos estados consolidados, cos axustes que regula a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, é un endebedamento financeiro total de 38.956.509,87 euros.

No entanto o anterior, aínda neste suposto dun endebedamento moderado en relación coas posibilidades que establece o artigo 53.2 do TRLRFL, o precitado precepto limita ao máximo do 110 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior ou, na súa falta, no precedente a este último cando o cómputo haxa de realizarse no primeiro semestre do ano e non se liquidou o orzamento correspondente a aquel, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados das entidades locais. A Disposición Adicional décimo cuarta do Real Decreto Lei 20/2011 de 30 de marzo, de Medidas Urxentes en Materia Orzamentaria, Tributaria e Financeira para a Corrección do Déficit Público, foi dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, quedando establecidos uns novos límites:

1) Se o seu volume total de capital vivo non excede do 75 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, só terán que cumprir os requisitos previstos no TRLFL e normativa de estabilidade orzamentaria.

2) Se o seu volume total de capital vivo se atopa entre o 75% e 110 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, ademais do anterior, deberá contar con autorización previa do órgano competente en materia de tutela financeira. En resumo, o límite está no 110 % dos recursos liquidados por operacións correntes.

A tendencia xeral, e de acordo as pautas de longo prazo delimitadas pola LOEOSF e polos obxectivos do Ministerio de Facenda, as administracións públicas teñen que instalarse nunha senda continua de redución do endebedamento, aínda que, como se informou para concertación da operación do ano 2013 e para a prevista no orzamento do ano 2014, o endebedamento financeiro desta Administración é baixo, ademais, a contía da operación anual que se concerta e consolida, sempre é máis pequena que a contía dos pasivos financeiros que se amortizan nese mesmo ano.

Neste ano, vaise a producir unha amortización extraordinaria por unha contía de 10.186.743,88 euros, que xuntamente coa amortización ordinaria que ascende a 6.800.355,46 euros, pode deixar a ratio de endebedamento financeiro ao peche do ano 2014 nun 12,24 por 100 dos recursos liquidados por operacións correntes non financeiras deducidas dos estados consolidados, sempre tendo en conta, que as previsións de Liquidación do Orzamento do ano 2014, se manteñan nos índices do ano 2013.

O Suplemento de crédito vai diminuír en torno a 4,42 puntos o nivel de endebedamento, como unha pauta a seguir marcada pola LOEOSF.

No ano 2013, o Pleno da Corporación en sesións ordinarias do 27/05/2013 e 05/08/2013, aprobou unha amortización extraordinaria por unha contía de 16.656.233,44 euros, polo que, a modificación de orzamento que se está a tramitar, é unha continuación do proceso que se iniciou no ano 2013.

En relación coa limitación que esta a establecer o artigo 12 da LOSOSF, a aplicabilidade do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, tan só é posible, si hai marxe en canto ao teito de gasto, de non ser así, o Remanente de Tesourería só poderá destinarse ao financiamento de gasto financeiro, coa excepción dos compromisos acadados no gasto non financeiro, polo que, adicar parte do saldo a operacións financeiras, permite un aforro na carga financeira.

Obxectivo da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LOEOSF

Administración	% sobre PIB
Administración Central	44,00
Comunidades Autónomas	13,00
Entidades Locais (Aytos, Deputacións, Menores, Mancomunidades)	3,00
Total	60,00

Obxectivos macroeconómicos aprobados polo Consello de Ministros do 28/06/2013 para o trienio 2014-2016, que vai na senda prevista nas recomendacións

do ECOFIN de data 21/06/2013.

As porcentaxes fixadas como obxectivo, están sobrepasadas a esta data, e son maiores cas previstas para o período 2014-2016.

Endebedamento porcentual en términos de PIB

Administración	Anos/%		
	2014	2015	2016
Administración Central e Seguridade Social	72,8	75,3	76,4
Comunidades Autónomas	20	20,5	20,3
Entidades Locais (Aytos, Deputacións, Menores, Mancomunidades)	4	4	3,9

As porcentaxes do 4% sobre o PIB, pode estar a supoñer que o endebedamento do conxunto do sector público local este arredor do 60% dos ingresos liquidados por operacións correntes deducidos dos estados consolidados.

Compróbase que o efecto que produce a modificación orzamentaria proposta, non é un incremento da dotación global inicial ou actual de aplicacións orzamentarias, estase aumentando crédito para un gasto específico ou concreto, xurdido nun momento determinado e non predicible a priori pola dirección política ou de goberno no exercicio da potestade orzamentaria, xa que no caso da amortización extraordinaria do préstamo, non podería ter resposta orzamentaria tanto en canto non se aprobase a Liquidación do Orzamento do ano 2013 e se determinase a contía do Remanente de Tesourería para gastos Xerais.

En resumo, estamos ante o suposto regulamentado no artigo 177.1 do TRLRFL e 35 do RP, dun gasto concreto e específico.

III.- Recurso financeiro utilizado.

O recurso financeiro que se propón para o financiamento desta modificación de crédito é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na Liquidación Orzamentaria do último exercicio liquidado, isto é, o exercicio do 2013.

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do articulo 177 do TRLRFL e o artigo 36.1.b) do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, para financiar os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O Remanente de Tesourería para gastos xerais que se obtivo da Liquidación do orzamento do ano 2013, cuantificouse en 76.728.333,71 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 9/2014 e 1/2014 (Incorporación de remanentes de crédito e aplicación do superávit 2012): 2.578.832,19 euros e 5.900.000 euros respectivamente, de onde resulta que o saldo actual do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais ascendería a 68.249.501,52 euros, suficiente para facer fronte á modificación orzamentaria contida na proposta que se informa, e que polo que

a este recurso concierne a cifra de 10.186.743,88 euros. O saldo final, unha vez tramitada a modificación orzamentaria en trámite será de: 58.062.757,64 euros.

O cumprimento da Regra de gasto que está a establecer o artigo 12 da LOSOSF, limita a que orzamento tanto na súa aprobación como na súa liquidación, debe estar en función da Liquidación do ano anterior multiplicada TRCPIB. Tendo en conta o Orzamento aprobado inicialmente o 2 de maio de 2014 e a modificación orzamentaria 9/2014 e 1/2014 , a aplicabilidade do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, tan só é posible destinalo ao financiamento de gasto financeiro, neste caso, a amortización de préstamos, de non ter outra aplicación habería un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

De acordo co establecido na Orde EHA/3565, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, o Remanente de Tesourería que financia o expediente, imputarase ao Capítulo VIII do estado de ingresos (activos financeiros), artigo 87 (Remanente de Tesourería), subconcepto 870.00 (Remanente de Tesourería para de Gastos Xerais).

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 165.4 do TRLRFL e 16.2 do RP.

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Apli/concepto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
87000	68.249.501,52	- 10.186.743,88	58.062.757,64	0110.9130400	888.156,01	7.943.404,07	8.831.560,08
				0110.9130100	2.243.339,81	2.243.339,81	4.486.679,62
Total		- 10.186.743,88		Total		10.186.743,88	13.318.239,70

IV.-Cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria.

En canto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria nos termos do previsto no art. 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e art. 4 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, o apartado 4 do artigo 11 da LOEOSF, establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A instrumentación deste principio, deberá estar na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos.

A análise da incidencia que produce o expediente que se está a informar sobre os orzamentos municipais pola aplicación da Lei Orgánica 2/2012 e do RXLEP sobre o

equilibrio ou superávit, entendéndose por situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando os Recursos financeiros son iguais ou maiores cos Empregos de igual cualificación (Σ Recadación exercicio corrente e pechados dos capítulos I a VII ingresos - Σ capítulos I a VII gastos) ≥ 0 , cos axustes preceptivos .

En igual sentido, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais coa regulación que lle está a dar, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria. O obxectivo de estabilidade ten que se estar a cumprir de xeito continuo.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012 e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, dun plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo de un ano, cos prazos de presentación, aprobación e implementación que regula o artigo 23.1 da Lei. En igual sentido, o artigo 19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, establece os requirimentos e prazos, aínda que neste último artigo, está a establecer un prazo de tres meses para a aprobación do PEF, polo que será de aplicación o previsto no artigo 23.1 da Lei Orgánica 2/2012.

Como xa sinalamos anteriormente, o recurso que financia a modificación orzamentaria que se informa, é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, este recurso, impútase ao capítulo VIII da estrutura do estado de ingresos. En canto ao estado de gastos, a modificación suporá un incremento dos empregos coa cualificación de financeiros, capítulo IX, polo que, non hai alteración (desequilibrio) de recursos nin empregos financeiros, é dicir, o financiamento que está a facer o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais para facer fronte a amortización extraordinaria dos préstamos concertados nos anos 2010 e 2013, non é xeradora de desequilibrios, por afectar a operacións financeiras, capítulos VIII do estado de ingresos e IX do estado de gastos.

É dicir, a modificación orzamentaria proxectada non provoca un desequilibrio en termos de Estabilidade Orzamentaria, dando así cumprimento ao previsto no artigo 11 da LOEOSF, non sendo necesario a tramitación dun Plan Económico Financeiro.

V.- Cumprimento da Regra e Teito de Gasto

En canto ao cumprimento da Regra e o Teito de gasto que regula o artigo 12 da LOEOSF, e o desenvolvemento da Orde do MINHAP 2105/2012, de 1 de outubro, así como a segunda edición da guía para o cálculo da Regra de Gasto, para a determinación das obrigas máximas para o ano 2014, deberase ter en conta a seguinte información:

Gasto computable axustado da Liquidación do orzamento do ano 2013.

Gasto computable axustado, orzamento aprobado para o ano 2014.

Gasto computable liquidación do ano 2014.

Para o cálculo, terase en conta a 2ª edición da Guía para a determinación da regra de gasto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

$$\text{TV Gasto computable} = \left(\frac{\text{Gasto computable ano } n}{\text{Gasto computable } n-1} - 1 \right) \times 100$$

A Liquidación do Orzamento do ano 2013, que é por unha contía de 212.321.587,50 euros, será a base de cálculo para a Liquidación do ano 2014, que terá unha TRCPIB do 1,5%, polo que, a Liquidación do gasto computable no ano 2014, non será superior a 215.506.411,30 euros. A planificación na execución do orzamento computable do ano 2014, terá que estar nesa liña.

A modificación que se está a tramitar que está a financiar o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, non afecta as operacións non financeiras, polo que o gasto executado, non é computable de acordo ao sistema de cálculo do teito de gasto, tan só computan os gastos dos capítulos do I ao VII, coa dedución dos gastos financeiros e dos gastos que teñan un financiamento con recursos afectados doutras administracións.

En resumo, o expediente cumpre co previsto no artigo 12 da LOEOSF

VI.- Sustentabilidade financeira

En cumprimento do previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, enténdose por tal, a capacidade para financiar os compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites do déficit e da débeda. Así mesmo, o artigo 7 do mesmo corpo legal, establece que os actos administrativos, os contratos e os convenios, deberán avaliar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Na mesma liña, o artigo 12, supedita o gasto ao cumprimento da regra e do teito de gasto, que non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

A memoria e Resolución da Alcaldía de data 13 de maio de 2014, en cumprimento do previsto na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente, está a facer unha valoración positiva, que queda cuantificada no aforro que vai a xerar a modificación orzamentaria que se está tramitando. Polo tanto, a modificación orzamentaria non só é susceptible de non producir cargas que poidan alterar a sustentabilidade financeira, senón que se está a conformar como un instrumento xerador de aforros.

A amortización dos préstamos, vai ter un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, isto é evidente, hai un aforro da carga financeira das operacións que ían a estar a devengar xuros os próximos 10 e 7 anos respectivamente, aínda que este custo non computa no cumprimento da Regra de Gasto, si na estabilidade. O aforro que produce nos orzamentos futuros, tendo en conta o plan de amortización de ambas operacións e partindo que a amortización extraordinaria terá o seu efecto a partir do 30/09/2014 é o seguinte: A operación concertada no ano 2013 adxudicada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19/04/2013, asinada o 09/05/2013, suporá un aforro de custos de acordo ao plan de amortización de 2.916.029,30 euros/ano, xa que remataba a súa vida o 30/12/2023. En canto a operación adxudicada na sesión da Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010, formalizada 08/10/2010, a amortización anticipada dunha anualidade o aforro que supón é de 371.553,13 euros. Tamén no futuro, o feito de non ter que facer fronte a devolución destes pasivos, tamén vai a ter un efecto positivo, tanto no ciclo

orxamentario como no financeiro.

A amortización supón a situación financeira seguinte:

Pte. 2013	2014		Pte. 2014	2015		Pte. 2015	2016		Pte.2016
	Amortiz.	Intereses		Amortiz.	Intereses		Amortiz.	Intereses	
38.956.509,84	16.987.099,34	1.051.719,00	28.769.410,53	6.592.199,46	817.336,96	22.177.211,07	5.082.809,20	637.012,79	17.094.401,87

2013			2014			2015			2016		
Ingresos	Débeda	%	Ingresos	Débeda	%	Ingresos	Débeda	%	Ingresos	Débeda	%
233.771.104,74	38.956.509,84	16,66	234.939.959,50	28.769.410,53	12,24	237.289.359,10	22.177.211,07	9,35	238.475.805,90	17.094.401,87	7,17

En resumo, o expediente cumpre co principio de sustentabilidade financeira prevista no artigo 4 da LOEOF, substanciada no aforro do custo financeiro que xa se explicitou, calculado aos tipos de xuros que están a devengar na actualidade, e ao mesmo tempo, non ter que facer fronte a devolución dos pasivos nos anos que lle restan de vida as devanditas operacións.

VII.-Tramitación e aprobación do expediente.

Ao amparo do previsto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de Suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e o réxime de recursos na xurisdición contencioso-administrativo aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- ✓ Proposta coa Memoria xustificativa do Presidente.
- ✓ Informe preceptivo do Interventor.
- ✓ Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
 - ✓ Aprobación provisional polo Pleno da Corporación.
 - ✓ Non se require quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a favor (Artigo 47 da Lei 7/1985).
 - ✓ Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante devandito prazo ante o Pleno.
 - ✓ O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).
 - ✓ O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia.
 - ✓ Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada,

remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

✓ A remisión realizárase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

✓ Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

✓ A modificación entrará en vigor unha vez produciuse a publicación no BOP, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

✓ Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

✓ De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

VIII Tratamento contable

Incorpórase ao expediente, o procedemento a seguir para o tratamento contable e orzamentario, polo que non se fai unha reprodución do meso, tan só, que o mesmo será o que teña que seguir o servizo de contabilidade para dar cumprimento ao acordo.

En canto aos dereitos pendentes de ingreso da operación do ano 2013, tamén se incorpora unha relación das operacións que serán obxecto de ingreso en formalización ao igual que os pagamentos mesmo importe.

En relación coa situación do Remanente de Tesourería dispoñible, tamén se incorpora o documento acreditativo da súa situación.

IX.- Conclusión

Visto o contido do expediente nº 102356/140, relativo a modificación de créditos nº 29/2014 e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda de data 14 de maio, esta Intervención Xeral conclúe:

O recurso financeiro proposto como financiamento para a modificación de créditos que é obxecto de informe, axústase ao previsto no artigo 177.4 do TRLRFL e artigo 36.1 do RD 500/1990, sendo o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais un dos recursos previstos no ordenamento xurídico citado.

O gasto é concreto e específico, estando xustificada a modificación orzamentaria que é obxecto de informe.

A modificación orzamentaria da cumprimento ao previsto no artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Dáse cumprimento ao previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non supor incremento algún no gasto non financeiro en termos SEC, por conseguinte, sen efectos no cómputo do teito de gasto.

Dáse cumprimento ao principio de sustentabilidade financeira, xa que está a mellorar tanto os efectos sobre o Orzamento do ano 2014 como nos futuros orzamentos, por estar a diminuír a carga financeira. Así mesmo, tamén está a mellorar o ciclo orzamentario e financeiro, ao non ter que enfrontarse á devolución dos pasivos nos anos que restaban até a súa amortización total.

Tamén mellora a situación de sustentabilidade da débeda financeira, xa que a mellora, quedando unhas porcentaxes de endebedamento moi baixas en relación as posibilidades legais e ao obxectivo do plan 2014-2016.

O órgano proposto para a aprobación do expediente, de acordo ao previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, artigo 38.1 do Real Decreto 500/1990, artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, é o competente.

A tramitación administrativa do expediente é a axustada a Dereito.

En relación coas anualidades de amortización para o resto do período, no ano 2014, será a que estaba prevista no plan, e para o resto dos anos, até o 30/12/2020, sempre e cando non se produza unha amortización da operación antes dese data, será o saldo vivo a 01/01/2014 menos a amortización extraordinaria do ano 2014 menos a amortización ordinaria do ano 2014, que é a mesma que a extraordinaria, dividindo ese saldo entre 6 anos, é dicir $(15.703.378,69 - 2.243.339,81 - 2.243.339,81) / 6 = 1.869.449,85$ euros.

En consecuencia, infórmase favorablemente, quedando sometido o mesmo á tramitación regulamentaria que se establece na proposta e neste informe.”

Visto o anterior, o concelleiro delegado de Economía e Facenda na mesma data formula a seguinte proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación na súa sesión do 23.06.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.-

SR. FIGUEROA VILA: No punto de toma de coñecemento da renuncia da concelleira, agradecerlle o traballo prestado nestes últimos anos á Corporación, por suposto a relación persoal que mantivo co noso grupo é cualificada de excelente, non hai ningún tipo de queixa senón todo o contrario, sempre estivo atenta ás peticións que lle fixemos dentro da máis estrita legalidade e como marcan as relacións

institucionais e por suposto desexarlle o mellor no futuro tanto na súa vida persoal como na súa vida profesional. Polo tanto quería que houbera constancia deste comentario do noso grupo, creo que é unha elección que toma libremente, persoalmente, sabemos das dificultades que está atravesando e lle desexamos o mellor para o seu futuro e a súa familia.

PRESIDENCIA: Trasladareillo no seu nome e no do seu grupo.

SRA. VELOSO RÍOS: No mesmo sentido nós tamén dende o Bloque Nacionalista Galego queremos trasladarlle o agradecemento a Sra. Díaz polo traballo que realizou durante estes anos de servizo á cidadanía, como ben expresaba na súa carta, agradecerlle o esforzo sempre de traballo público con diálogo, coas distintas forzas políticas e tamén atendendo ás necesidades da cidade e sobre todo dende o punto de vista persoal sabemos que é unha decisión que toma por razóns persoais e polo tanto sendo para nós o prioritario queremos desexarlle a mellor das sortes na súa vida persoal de agora en diante e sendo como é unha muller nova, preparada, seguramente volveremos atopala no camiño e esperemos que nas mellores das condicións dende tódolos puntos de vista.

PRESIDENCIA: Trasladareillo á Sra. Díaz Vázquez.

SR. LÓPEZ FONT: Simplemente agradecer tanto ao Partido Popular como ao Bloque Nacionalista Galego as palabras dirixidas a nosa compañeira porque o é a día de hoxe; en nome do noso grupo ese maior recoñecemento, que é unha persoa que fixo moito nestes sete anos pola cidade de Vigo, que se dedicou moito a súa tarefa de goberno e especial satisfacción dado que os debates foron intensos en moitas ocasións precisamente pola materia que a Sra. Díaz levaba, pois que se recoñeza ese talante, esa capacidade de diálogo por parte da Sra. Díaz, para nós é un motivo de satisfacción, para os que representamos este grupo é unha pena que non poida continuar con nós porque compartimos moi bos momentos e unha traxectoria política moi frutífera, entendemos en beneficio da cidade. Tamén dende aquí, a nosa tenente alcalde e presidente do Pleno no día de hoxe vaillo trasladar, os nosos mellores desexos de recuperación e co que dixo o Alcalde nas súas declaracións no

momento que anunciou a súa marcha, esta todo dito. Esperamos volvela atopar no camiño, o maior recoñecemento por todo o que fixo e os maiores desexos de que as circunstancias que atravesamos nestes momentos as supere e volvamos vela na faceta e no momento que sexa.

PRESIDENCIA: Trasladarémosllo á Sra. Díaz as palabras dos tres voceiros dos tres grupos políticos. Pasamos ao punto 3.1 que como membro do Goberno o levo eu mesma.

SRA. SILVA REGO: Esta proposta que hoxe presentamos ten como finalidade a aprobación dunha amortización extraordinaria de préstamo dentro do plan marcado no ano 2013 cara á amortización total da débeda. No devandito Plan para o ano 2014 amortizaríase a operación concertada no 13 e unha anualidade adicional da concertada no ano 2010, como consecuencia da proposta que se somete ao Pleno a situación ao remate do 2014 sería a seguinte o endebedamento para o remate do ano 2014 será de 28.769.410,53 euros, un coeficiente de endebedamento do 12,24 % sobre os recursos liquidados, como se sabe o coeficiente máximo que establece o Real Decreto Legislativo 2/2004 é dunha porcentaxe do 110%, aínda que nestes dous últimos anos estase a establecer este límite no 75%.

A situación de endebedamento financeiro do Concello de Vigo está moi por debaixo das porcentaxes legais o que supón unha vez máis unha xestión da economía do concello extraordinaria, do 75% que establece a Lei nos estamos no 12,24%.

Para que poidan valorar a magnitude destes datos, cabe sinalar que estamos a falar dunha débeda por habitante de 97,54 euros, esta cifra fala por si soa, as viguesas/es teñen asegurado o presente e o futuro, isto non pasa nun importante número de concellos que se atopan endebedados para varias xeracións, en Vigo non, en Vigo camiñamos a paso de xigante cara a débeda cero.

Os aforros que xera esta proposta supoñen unha contía de 3.287.582,43 euros, a decisión de amortización anticipada do ano 2013 supuxo un aforro de 3.527.454,87 euros para o ano 2014, sen contar o último trimestre o ano 2013, este aforro permitiu que o Orzamento do ano 2014 aínda nunha situación de conxelación impositiva de maior gasto no servizo de tratamento de residuos e cunha caída nas entregas dos tributos do Estado do 3,5% tivese adicado máis recursos ás políticas

sociais, xa que non só se produce un aforro nos custos financeiros da operación senón que posibilita o traspaso de recursos a outros capítulos de gasto, de emprego, becas, de comedor, axudas para alugueiros de vivendas, axudas a comedores sociais, para alimentos, centro de servizos sociais e un longo etc. De non ter adoptado esta decisión non houbera sido posible ter os recursos destinados ás políticas sociais que recolle o Orzamento do 2014 senón que terían que ter estado destinados a pagar aos bancos. Polo tanto, agora esta a darse outro paso nesta mesma dirección, aforrar en custos financeiros e nas devolucións anuais de pasivos para liberar recursos para un destino máis social atendendo non aos bancos senón aos cidadáns e aos seus problemas.

Señores/as concelleiros é en tempos de depresión ou crise cando entran en situación de pobreza sectores de poboación que constituían a clase media e cando entran en situación de exclusión as clases con menor capacidade económica é cando hai que tomar este tipo de decisións, aforrar nos sistemas de financiamento de débeda para destinar o maior volume de recursos a atender ás necesidades que a crise lle xerou. Non vou reproducir o debate dos Orzamentos explicando como aumentaron as partidas adicadas a políticas sociais, emprego ou educación, trátase de por de manifesto que gracias a este tipo de decisións somos capaces de manter as políticas de gasto en Benestar Social, Emprego, Educación, comedores, subvencións aos usuarios de transporte público colectivo e axudas para facer fronte ás necesidades máis urxentes da cidadanía por esa razón, por responsabilidades social pido o apoio da corporación para seguir avanzando neste tipo de políticas, de tal xeito que os cidadáns vexan nos políticos/as públicas, a solución aos seus problemas.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego xa manifestou en múltiples ocasións a nosa opinión sobre a amortización anticipada da débeda, imposta por decisións políticas tomadas polo Partido Popular no goberno do Estado que non permite que as entidades locais utilicen os seus remanentes, os seus recursos propios para poder investilos nas necesidades da cidadanía, senón que obriga ademais a amortizar a débeda establecendo eses límites, teitos de gasto e esas obrigas sobre os plans de viabilidade das entidades locais, é algo que se está sufrindo en tódalas entidades locais incluída a Deputación de Pontevedra, pero

para nós é fundamental que tódolos recursos se utilicen para cuestións prioritarias neste momento como son os Servizos Sociais ou as políticas de Fomento e Promoción do Emprego.

Nós non estamos de acordo con que se continúe coa amortización anticipada da débeda que significa simplemente darlle liquidez aos bancos a costa de recursos públicos, pero ademais a estas alturas despois xa de varios meses dende que se comezou coa amortización anticipada de débeda neste Concello e cuns novos Orzamentos xa aprobados nós preguntámonos onde se reflicte ese obxectivo de amortizar débeda para aumentar o gasto social no que insistiu o Goberno cando explicaba porque amortizaba a débeda.

Nós insistimos, para valorar os investimentos que se están facendo en gasto social nesta cidade nós recorreremos á comparación con este propio Concello en anos anteriores, se tantos cartos estamos aforrando con esta amortización anticipada de débeda, nós agardaríamos que realmente iso se reflectise nos investimentos que se fan en gastos sociais, pero máis ben todo o contrario, con respecto ao ano anterior non se aumentou o gasto social neste Concello máis ben todo o contrario. Nós o único que vemos é que se está utilizando os cartos para darlle liquidez aos bancos e a cidadanía con eses seus cartos non está recibindo mellores servizos sociais, non está recibindo máis políticas de fomento do emprego, non está recibindo máis beneficio en fin dos seus propios recursos porque estes son cartos de todos/as, e nós non vemos que este Goberno estea utilizando eses cartos en mellorar as condicións de vida dos vigueses e das viguesas senón máis ben todo o contrario, está utilizando eses cartos simplemente nesas operacións de fotografía, de publicidade e propaganda que tanto lle gusta ao Alcalde desta cidade. É máis, atopamos políticas claramente contraditorias dentro deste Goberno, porque hoxe luns, estamos traendo aquí a Pleno un expediente para facer unha modificación orzamentaria que permita amortizar débeda anticipadamente, é dicir, pagar préstamos con bancos antes do vencemento desas débedas, pero o venres pasado en Xunta de Goberno Local este Goberno aprobou a contratación dun préstamo por 6,8 millóns de euros para humanizacións, para financiar obras de humanización no centro da cidade, ampliación dun parque infantil no centro da cidade por un cuarto de millón de euros, para financiar esas obras contratou un préstamo, entón nós non entendemos como podemos estar hoxe aquí falando da amortización da débeda e

dicindo que o queremos é deixar este concello con débeda cero, que o que queremos eliminar a débeda, que queremos dedicar os cartos a gasto social, cando o venres pasado este Goberno aprobou a contratación dun préstamo por 6,8 millóns de euros para humanizar obras.

Nós seguimos mantendo a nosa oposición radical a estas políticas do Goberno Local absolutamente, estamos completamente en contra deste tipo de políticas e insistimos o que tiñamos que estar facendo dende o Concello é dar resposta ás persoas, ás familias da nosa cidade que necesitan unha vivenda, recursos para comer, recursos para comprarlle roupa aos seus fillos, que necesitan un posto de traballo, iso era o que tiñamos que estar atendendo dende este Concello.

PRESIDENCIA: Por máis que vostedes intenten faltar ó respecto a este Pleno onde reside a soberanía popular, dígolles que non o van a conseguir, poden vostedes insultar, faltar ó respecto que non van conseguir que perdámos nervios, segan vostedes con esta actitude, poden vostedes continuar, xa os coñecemos de tódolos Plenos, señores dun partido político, xa os coñecemos.

PRESIDENCIA: Viguesas/es, aí teñen vostedes a xente que ven rebentala democracia, esta a berrar un representante do Bloque Nacionalista Galego dende o público, xa estamos acostumbrados, sigan vostede rebentando Plenos, non o van conseguir.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar e respecto á renuncia da Sra. Díaz dicir que de corazón deséxolle unha pronta recuperación, que destacamos dende este Grupo Político tal e como o dixo o voceiro, a súa capacidade técnica no desenvolvemento das súas tarefas como concelleira e tamén valoramos positivamente a súa xestión que en xeral foi boa.

Con respecto ao expediente ao igual que o fixemos o ano pasado o Grupo Municipal do Partido Popular comparte a idea de utilizar ata onde permita a lei os remanentes de Tesourería para cancelar a débeda municipal. Este expediente segue a liña polo tanto que iniciou a Deputación de Pontevedra e o seu vicepresidente económico tamén voceiro aquí neste Concello polo Partido Popular o Sr. Figueroa.

Polo tanto xa lle anunciamos o noso voto favorable a este expediente. Estamos a

favor porque con esta amortización o Concello de Vigo afórrase moitos cartos en gastos financeiros, señores do Bloque Nacionalista Galego isto non vai de darlle cartos aos bancos, darlle cartos aos bancos é manter estes préstamos pagándoos a un interese moito máis caro do que nos darían polos depósitos se puxéramos estes cartos nun prazo fixo por exemplo. Non fai falla saber moito de economía para entender isto, ata vostedes poderían entendelo.

Se o ano pasado aquí se amortizou anticipadamente os préstamos de 2011 e 2012, con esta operación que se propón agora o que se vai facer é cancelar o préstamo do 2013 enteiro, 8,8 millóns de euros polo que estamos pagando euribor +4,85 e tamén cancelar de forma extraordinaria unha anualidade do préstamo do ano 2010, 2,2 millóns de euros que é un préstamo que temos a euribor +1,15. Ao menos este ano se fixeron mellor as cousas que o ano pasado, o ano pasado cancelouse un préstamo que tiñamos a euribor +2 e contratouse un a euribor +4,85 iso non era moi entendible por iso o criticamos no seu momento. A nivel técnico, revisamos o expediente e comprobamos que se cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria, que se cumpre a regra de Teito de Gasto polo que pouco que dicir a nivel técnico.

PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo perdoe, eu o sinto moito, como vostede pode estar mirando que ao Bloque Nacionalista Galego se lle permite falar, ao Grupo Popular e ao Socialista non, está claro por que. Como o obxectivo é que non fagamos o Pleno eu pídolles paciencia e que nos comprometamos a que o imos desenvolver.

SR. FIDALGO IGLESIAS: A nivel técnico xa lle dicíamos que pouco que dicir. A nivel político, sería bo que non se confunda a opinión pública dicindo cousas como que temos débeda cero ou que imos a tela ou que o Concello de Vigo é o máis saneado de España, porque aos vigueses gústannos as cousas claras e o chocolate espeso, por iso hai que dicir que si o Concello de Vigo ten unha boa situación económica é gracias ao Goberno anterior do Partido Popular que deixou ao Concello cunha Tesourería boiante, de máis de 70 millóns de euros e cunha débeda que reduciu de 108 millóns a 47 millóns. Dicir a verdade e tamén asumir que a día de hoxe os vigueses debemos 60 millóns de euros, débense 39 millóns de euros aos bancos e 21 millóns de euros que hai que devolver ao Goberno de España polas liquidacións

negativas dos impostos que nos adiantaron nos anos 2008 e 2009.

Tamén dicirlle a verdade aos vigueses é que deben saber que como aquí estase xa rozando o Teito de Gasto e como a lei non permite gastar máis estanse utilizando os remanentes líquidos de Tesourería para gastos xerais no único no que é posible aplicalo que é en amortizar débeda.

Para rematar tamén dicir que os vigueses deben saber e van comprobar como moi pronto gracias tamén ao Partido Popular non só dende o Goberno de España e dende o Goberno da Xunta de Galicia senón tamén dende o Goberno do Concello de Vigo, váiselle baixar os impostos municipais gracias ás xestións realizadas polo Partido Popular.

SRA. SILVA REGO: Para rematar este debate simplemente dicir que non se pode vir con demagogia e con mentiras a este Pleno porque todo o mundo sabe que os remanentes non se poden empregar para os gastos directamente, con esta amortización de débeda o que estamos a facer é non pagar intereses aos bancos e permitir que con esa redución de gasto nos intereses se poida investir máis en políticas sociais e vostedes señores do Bloque Nacionalista Galego sábeno. Foi posible aumentar un 22,52% as políticas sociais gracias a que fomos capaces de ter máis recursos, dous millóns de euros para axudas de alimentos, alugueiros e situación de emerxencia enerxética, porque fomos capaces de pagarlle menos aos bancos e poder adicar a estas políticas, 1.800.000 euros para comedores escolares, máis de cinco millóns de euros para políticas de emprego, iso é o que se pode facer gracias á extraordinaria xestión económica do goberno municipal, vostedes sábeno señores do Bloque Nacionalista Galego. Publicidade, gastos en publicidade onde vostedes gobernan e cando vostedes gobernaban neste Concello, está nos Orzamentos anteriores das súas concellerías para que se vexa con claridade quen gastaba en publicidade, nós non Sra. Veloso, nós gastamos en políticas para a xente, somos o goberno con máis políticas sociais do conxunto dos concellos de Galicia, vostede sábeno. Os datos se se comparan coa provincia de Pontevedra son absolutamente claros.

Polo tanto, esta amortización de débeda o que vai permitir e que poidamos seguir prestando servizos aos cidadáns, vostedes hoxe volverán votar en contra das viguesas/es, xa o levan demasiado tempo facendo, e consentindo que dirixentes do

seu partido político queiran vir a reventar os Plenos, non van conseguir nin unha cousa nin a outra.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Silva Rego (Presidencia), e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 29/2014, Suplemento de crédito, por unha contía de 10.186.743,88 euros, para facer fronte a amortización extraordinaria dos préstamos concertados coa entidade financeira BBVA no ano 2013 pola totalidade do saldo vivo e o concertado no ano 2010 pola contía dunha anualidade extraordinaria.

A Totalidade da operación do ano 2013, liquidarase o 30/09/2014 e coa mesma data, a anualidade extraordinaria do concertado no ano 2010.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, os orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Apli/ once pto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
87000	68.249.501,52	-10.186.743,88	58.062.757,64	0110.9130400	888.156,01	7.943.404,07	8.831.560,08
				0110.9130100	2.243.339,81	2.243.339,81	4.486.679,62
Total		-10.186.743,88		Total		10.186.743,88	13.318.239,70

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en

cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobado definitivamente a modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

3.2(94).- DAR CONTA DO DECRETO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DOS EXPEDIENTES VINCULADOS ÁS INVERSIÓNS CONTEMPLADAS NA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS Nº 01/2014 FINANCIADAS CON CARGO AO SUPERÁVIT. EXPTE. 903/1101

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 3.06.2014, de delegación de competencias que literalmente di:

“Na actualidade estase desenvolvendo os expedientes vinculados as

inversións contempladas na modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº:2288/440. Nas citadas actuación se contemplan dentro da área 933. Xestión do patrimonio:

9330.63200 02	1493300 2	Obras de accesibilidade a colexios Públicos	300.000,00
9330.63200 10	1493301 0	Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos	1.365.000,0 0
9330.63200 11	1493301 1	Reposición cesped artificial campo fútbol de Samil	235.000,00
9330.63200 12	1493301 2	Reposición cesped artificial campo fútbol de Travesas	185.000,00
9330.62200 13	1493301 3	Novo campo fútbol 11 nas Instalacións da ETEA	437.000,00

A continuidade dos expedientes obrigatorios para a execución destas obras, atopasen vinculadas as capacidades de xestión e as propias competencias das Areas de Deportes, de Educación e de Fomento, de acordo coa Resolución desta Alcaldía de data 07.02.2013 pola ca establececese a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do Goberno Municipal, e a posterior modificación da delegación da área de educación de data 23/05/2013.

Polo exposto, tendo en conta a natureza de ditos expedientes, os cales atópanse orzamentariamente na área 933. Xestión do patrimonio, se orienta a necesidade dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar na Concellería da Área de Deportes, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. José Manuel Fernández Pérez, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución dos expedientes conducentes o desenvolvemento das seguintes actuación:

9330.6320011	14933011	Reposición cespced artificial campo fútbol de Samil
9330.6320012	14933012	Reposición cespced artificial campo fútbol de Travesas
9330.6220013	14933013	Novo campo fútbol 11 nas Instalacións da ETEA

Segundo.- Delegar na Concellería da Área de Fomento, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do expediente conducente o desenvolvemento da seguinte actuación:

9330.6320010 14933010 Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos

Terceiro.- Delegar na Concellería da Área de Educación, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do expediente conducente o desenvolvemento da seguinte actuación:

9330.6320002 14933002 Obras de accesibilidade a colexios Públicos

Cuarto.- Estas delegacións enténdese sen prexuízo das modificacións sobre o desenvolvemento do expediente que foran necesarias as inicialmente previstas ou outras cuestións sobre o desenvolvemento do mesmo que puideran efectuarse para garantir a correcta execución do proxecto.

Quinto.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Sexto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Sétima.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

PRESIDENCIA: Por respecto ás mulleres vítimas de violencia de xénero que o público entre eles dirixentes, homes e mulleres do Bloque Nacionalista Galego non lle teñen tido neste minuto de silencio, simplemente que as viguesas/es saiban que é en Vigo onde está o Centro de Inserción de Mulleres vítimas da violencia de xénero, en Vigo, non hai ningún outro en ningún concello de Galicia, en Pontevedra tampouco.

5.- MOCIÓNS:

5.1(95).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA O INCREMENTO DOS ORZAMENTOS EN I+D E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 908/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2014, número 908/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado día 26 de marzo, o Presidente Núñez Feijóo, en resposta a unha pregunta do voceiro socialista do Parlamento de Galicia, afirmou que Galicia lideraba a Unión Europea en políticas de innovación. É unha declaración rotunda,

sen matices, que demanda algunha explicación complementaria para unha correcta interpretación do que esa nova representa na economía de Galicia. Tanto máis necesaria por canto os datos estatísticos non ratifican, ata hoxe, ese excelso obxectivo. Pode acontecer, como noutras ocasións, que o Sr. Presidente confunda realidade e desexo, tamén que o formato do discurso derive nunha hipérbole. O que resulta difícil imaxinar é que o presidente teña faltado á verdade.

Os datos coñecidos indican que a Xunta de Galicia recorta en cada orzamento as partidas dedicadas a I+D, que a Axencia Galega de Innovación non tivo efecto apreciable no sistema de ciencia, que o número de traballadores en alta tecnoloxía decrece. No futuro, co novo marco financeiro europeo, existirán máis fondos comunitarios para I+D, pero no momento actual Galicia ocupa unha posición pouco relevante, en España e consecuentemente na Unión Europea.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.** Incrementar anualmente o orzamento de I+D, con recursos propios, en tres décimas do PIB, ata acadar o 2%.
- 2.** A Axencia Galega de Innovación poderá contratar a investigadores que teñan desenvolvido o proceso posdoctoral de investigación, mediante o Programa "Parga Pondal" e semellantes e que conten con avaliación positiva nos termos que regulamentariamente se determinen. Tamén poderá contratar investigadores no exterior, baixo criterios de excelencia. Para a selección de investigadores constituiranse comisións de selección formadas por investigadores de prestixio recoñecido internacionalmente.
- 3.** Os investigadores citados no punto anterior integraranse mediante convenios estables nos equipos de investigación existentes nas universidades e nos organismos públicos e privados. O custo dos devanditos convenios será asumido polos recursos da axencia."
- 4.** Orientar á Fundación Galicia-Europa para que, ademais das súas funcións actuais, realice tarefas de captación e seguimento de fondos europeos para proxectos de investigación."

A Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión ordinaria do 23 de xuño de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu tamén me quero sumar á pedir o respecto ás vítimas de violencia machista, pódese discrepar, protestar e pódese dicir o que se queira, o que non se pode é faltar ao respecto ás mulleres vítimas de violencia de xénero, iso di moi pouco das persoas que cando xa non respectan iso pouco máis poden respectar. En todo caso vou a presentar a moción que en nome do grupo socialista teño encomendada neste Pleno ordinario.

O pasado día de 26 de marzo o Presidente o Sr. Núñez Feijóo en resposta a unha pregunta do voceiro Socialista no Parlamento de Galicia afirmou que Galicia lideraba a Unión Europea en políticas de innovación, é unha declaración rotunda sen matices que demanda algunha explicación.

PRESIDENCIA: Levántase o Pleno ata que o público presente teña a ben respectala democracia. Falarei cos voceiros para ver se se reinicia hoxe ou non.

SUSPÉNDESE O PLENO ÁS 9,48 E REANÚDASE ÁS 10,22 horas.

PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez Díaz está vostede no uso da palabra.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O pasado 26 de marzo o Presidente o Sr. Núñez Feijóo en resposta a unha pregunta do voceiro socialista do Parlamento de Galicia, afirmou que Galicia lideraba a Unión Europea en políticas de innovación, é unha declaración rotunda, sen matices, que demanda algunha explicación complementaria para unha correcta interpretación do que esta nova representa na economía galega. Tanto máis necesaria por canto os parámetros estadísticos non ratifican ata hoxe ese censo obxectivo. Pode acontecer como noutras ocasións que o Sr. Presidente confunda realidade con desexo, tamén que o formato do discurso derive nunha hipérbole o que resulta difícil imaxinar é que o Presidente teña faltado á verdade. Os datos coñecidos indican que a Xunta de Galicia recorta en cada Orzamento as partidas adicadas a I+D, que a Axencia Galega de Innovación non tivo efecto apreciable no sistema de ciencia, que o número de traballadores en alta tecnoloxía decrece, e que no futuro co novo marco financeiro europeo existirán máis fondos

comunitarios para inversión e desenvolvemento, pero no momento actual Galicia ocupa unha posición pouco relevante en España e consecuentemente na Unión Europea. É unha moción ademais que ten unha gran importancia na industria e na nosa cidade en Vigo, moito máis se cabe.

Por iso propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes acordos: instar á Xunta de Galicia primeiro, a incrementar anualmente o Orzamento de Inversión e desenvolvemento con recursos propios en tres décimas do produto interior bruto ata acadar o 2%.

Segundo, a Axencia Galega de Innovación poderá contratar a investigadores que teñan desenvolvido o proceso postdoctoral de investigación mediante o programa Parga Pondal, ou semellantes e que conten con avaliación positiva nos termos que regularmente se determinen. Tamén poderá contratar investigadores no exterior, baixo o criterio de excelencia e tamén para a selección de investigadores constituiranse comisións de selección formadas por investigadores de prestixio recoñecido internacionalmente.

Terceiro, os investigadores citados no punto anterior integraranse mediante convenios estables nos equipos de investigación existentes nas universidades e nos organismos públicos e privados. O custo dos devanditos convenios serán asumidos polos recursos da Axencia.

Cuarto, orientar á Fundación Galicia Europa para que ademais das súas funcións actuais realice tarefas de captación e seguimento de fondos europeos para proxectos de investigación.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende logo a visión do I+D+I por parte da Xunta de Galicia está moi orientada como a maioría da súas accións políticas ao mercado, ten unha visión marcadamente mercantilista do conxunto das políticas do impulso de I+D+I, e identifica as innovacións que se poidan establecer simplemente cunha valoración mercantil a curto prazo, o que traballa fundamentalmente polo beneficio das empresas dentro do mercado empresarial que é o que aplica exactamente a tódalas políticas incluso a políticas tan sensibles como as políticas sociais, como pode ser tamén a Sanidade ou como pode ser a Educación. Pero a realidade é que no noso país o impacto máis importante do sistemas de I+D+I no sistema produtivo non se verifica a través do beneficio a curto prazo das empresas senón a

través de vínculos complexos como a elevación da cualificación do persoal que asimila os resultados de investigacións nas aulas universitarias e é necesario realmente conseguir a transferencia de coñecemento que debería estar dándose no noso país e que non se está dando, transferindo o coñecemento do sistema de investigación universitario ao sistema produtivo.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental realmente conseguir a aplicación práctica da investigación e do coñecemento e a valoración dos resultados da investigación pública, cando nós falamos de investigación na universidade por suposto nós estémonos centrando nun sistema universitario público e galego que realmente ofrezca a posibilidade de dedicarse á investigación, os mozos e mozas, homes e mulleres do noso país.

Pero a realidade é que dende a Xunta de Galicia está facéndose exactamente o contraio e que os investimentos en I+D+I non deixan de descender, caen dunha maneira exponencial nos últimos anos e se o comparamos con outras Comunidades Autónomas ou coa situación media do noso Estado, os datos realmente son tremendos, mentres o País Vasco, Navarra e a Comunidade de Madrid gastan en torno do 2% do seu PIB en I+D, o gasto de Galicia é do 0,91%, só por diante de cinco comunidades autónomas, estamos á cola do investimento en I+D+I de todo o Estado español, e ademais descendendo porque cada ano vai descendendo. No ano 2008 de feito o indicador situábase por enriba do 1% e agora é o 0,9%, mentres que a media estatal está nun 1,33% e o gasto en Galicia se o comparamos co conxunto do Estado non é máis que do 3,7%, algo que evidentemente é moito menos que o peso poboacional ou económico que supón Galicia no conxunto do Estado.

Por iso a nós ademais parécenos que é fundamental para ofrecer oportunidades no noso país a creación dunha carreira universitaria propia, que realmente defina as necesidades do noso país en investimentos e en creación de I+D+I e conseguir consolidar un sistema propio que responda ás necesidades do sistema universitario, investigador e produtivo que é quen ten que beneficiarse de todo ese investimento. Nós defendemos un modelo descentralizado que permita a inserción dos investigadores no sistema produtivo galego, de xeito que se poida estabilizar o persoal investigador do noso país, ademais esta carreira propia tamén facilita o intercambio con outros países, e tamén facilita a mobilidade de aqueles

investigadores/as que queiran levar as capacidades da investigación do noso país a outros lugares do mundo. Por iso propoñemos engadir á moción que propón o Partido Socialista un novo punto que diría “co obxectivo de reforzar a capacidade investigadora e innovadora naquelas áreas establecidas como prioritarias, desenvolverase unha infraestrutura de I+D especializada nas mesmas e definirase unha carreira investigadora e tecnolóxica propia para o persoal dependente da Comunidade Autónoma, establecendo categorías, escalas e procedementos de acceso e promoción das mesmas, entre outros aspectos”.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Rodríguez Díaz sorpréndeme enormemente con esta moción sobre todo polo “seguidismo” que están facendo dende Santiago de Compostela, pensaba que vostedes se envorcaban en Vigo e interesáballes Vigo, pero polo que vexo non é así, do Bloque Nacionalista Galego non me sorprende por suposto.

A verdade, isto é algo simple, vostede debería saber que o valor engadido bruto de Vigo está entorno aos 3.200 millóns, este é un dato de ARDAN, da Zona Franca de Vigo, tamén debería saber que en Vigo contamos cunha fabulosa Universidade, con catro centros tecnolóxicos de excelencia, CTAG, AIMEN, CECOPECA e GRADIANT e acaparamos a maior parte dos fondos de I+D de Galicia, nestes momentos aproximadamente un 42% dos mesmos. Se temos en conta estes datos, nestes momentos en Vigo, concretamente estaríamos por enriba do 3% do valor engadido bruto, e vostedes están pedindo unha redución da inversión, é algo que non entendemos. O programa INCITE, por exemplo, que era 2006 ao 2010 de cinco anos, tiña unha inversión 830 millóns de euros, o Presidente o Sr. Núñez Feijóo con plan I2C, do 2011 ao 2015 tamén un período de cinco anos, incrementouse a 1.200 millóns de euros, un incremento dun 45% Sr. Rodríguez Díaz, e non só iso o novo plan o novo programa de estratexia e especialización intelixente o RIS3, do 2014 ao 2020 está dotado con 1.624 millóns de euros, o que equivalen a 270 millóns de euros anuais, se temos en conta os datos e as cifras que lle dixen antes, estamos falando de que achega para Vigo e a súa área de influencia é de máis de 100 millóns de euros ao ano en proxectos de I+D. O que está vostede pedindo é unha redución significativa, isto non ten ningún sentido para nós, Sr. Rodríguez Díaz, non se pode facer así.

Eu non sei se vostede participou en proxectos de I+D, eu si tiven o pracer de poder facelo tanto na universidade como nos centros tecnolóxicos e na parte privada e debería saber que o problema non está na asignación de partidas orzamentarias, senón no proxectos, hai unha falla tremenda de proxectos por partes das empresas, da Universidade, dos centros tecnolóxicos que non damos consumo e esgotado tódalas partidas orzamentarias que se poñen a nosa disposición, que a Unión Europea a través do seu marco director pon a disposición nosa, ese é un dos principais problemas a parte das incorrectas xustificacións que se fan nos proxectos I+D. Por iso non entendemos o que está pedindo, no punto un están pedindo unha redución significativa. Eu entendo que para Galicia haxa que incrementalo, pero en Vigo estamos por enriba dese valor que vostede está comentando, e nós non imos nestes momentos a facer nada que prexudique a Vigo. Entendo que en Lugo, Ourense, A Coruña, Ferrol, que o ámbito industrial I+D non está tan desenvolvido esas porcentaxes sexan menores, pero non en Vigo, non podemos votarlles a favor desta moción porque prexudicaríamos a Vigo, e iso non o podemos facer.

Con respecto ao punto dous da Axencia e innovación, lembrarlle que a súa principal obriga e obxectivo é promover o I+D, non facer contratacións sen ter proxectos, Sr. Rodríguez Díaz, isto non se trata de investigar o “sexo dos Ánxos”, xa entendo que igual co modelo de reparto que moitas veces utilizan, encantaríalles facer iso, encher, facer unha administración completamente hipertrofiada sen ningún sentido, pero I+D é outra cousa, significa proxectos válidos, xustificalos e facer transferencia de tecnoloxía cara a empresa Sr. Rodríguez Díaz.

Isto o que están proponendo aquí a parte de irrealizable é unha auténtica burrada, non ten sentido ningún e menos para Vigo, se quere realmente traballar a favor do I+D de Vigo, estamos dispostos a sentarnos e consensuar un texto correcto, lóxico e que sirva para potenciar o noso tecido industrial, pero non o que viu aquí a presentar, que non entendemos nin sequera que ámbitos se circunscriben, entendemos que está facendo nestes momentos nunha defensa de toda Galicia, pero a Vigo os estadísticos, os datos oficiais son completamente diferentes.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: En primeiro lugar dicir que aceptamos a engádeda que propón o Bloque Nacionalista Galego para incorporala aos puntos que xa propuxéramos. En segundo lugar, Sr. Álvarez o que está claro é que en

investigación, desenvolvemento e innovación se non hai inversión pública é imposible transferila ao ámbito privado a propia innovación, é dicir, ten que ser motor.

Os datos que nos solicitamos nesta moción, lea de novo porque nós o que pedimos é o incremento sobre o produto interior bruto e non sobre o valor engadido como facía vostede, é dicir, lea ben porque no punto un fala de produto interior bruto non de valor engadido. En todo caso, o que nós queremos traer aquí é efectivamente unha moción importante por tanto e canto é a súa economía industrial é das máis importantes, e hoxe veñen nos medios de comunicación datos onde estabamos practicamente á par con A Coruña e agora mesmo estamos xa nunha diferenza de entorno a 15 puntos, polo tanto se que ten moita importancia. Eu sei que vostedes o votaron no Parlamento Galego votaron que non a esta iniciativa, porque vostedes o mesmo en Galicia que en España seguen a recortar en innovación, desenvolvemento e industria ano tras ano nos Orzamentos. Se queremos saír da crise con garantía e con futuro non se pode seguir facendo unha política en torno ao ladrillo que xa se viu os resultados que deron e hai que facer unha política en torno á investigación, desenvolvemento e innovación, e para iso hai que investir tamén no ensino e nas universidades, cousa que vostedes non están a facer, iso si fan discursos como eu salientaba aquí, fan uns discursos de cara a galería, pero despois os orzamentos son moi testáns, Sr. Álvarez. Os orzamentos, din o Partido Popular, recortou só dunha atacada 600 millóns de euros en investigación, desenvolvemento e innovación.

Polo tanto, creo que aquí vostedes tiñan que votar a favor desta moción por tanto e canto se nalgún sitio ten xeito de ser é na nosa cidade, ademais ten que haber unha planificación tamén plurianual, non pode ser cuestión dun día ou de acordarse nun parlamento nun momento determinado porque alguén fai esa pregunta. Polo tanto, eu anímolles a que voten a favor da cidade.

No transcurso do debate, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, presenta a seguinte emenda de engádeda.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

5.- Co obxecto de reforzar a capacidade investigadora e innovadora naquelas áreas establecidas como prioritarias, desenvolverase unha infraestrutura de I+D especializada nas mesmas e definirase unha carreira investigadora e tecnolóxica propia para o persoal dependente da Comunidade Autónoma, establecendo categorías, escalas e procedementos de acceso e promoción das mesmas, entre outros aspectos.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO DO BNG: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego (Presidencia), e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, queda rexeitada a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego (Presidencia), e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.06.2014 (Rex. Nº 908/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos

antecedentes deste acordo.

5.2(96).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A REALIZACIÓN DUN ESTUDO E O DESEÑO DUN PLAN DE ACCIÓN QUE MINORE OS NIVEIS RUÍDO OCASIONADOS POLO SEGUNDO CINTO DE CIRCUNVALACIÓN. EXPTE. 910/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2014, número 910/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O ruído constitúe un dos problemas ambientais mais serios e se recoñece como unha das variables prioritarias cando se valora a calidade de vida que ofrece un determinado asentamento.

Esta situación induciu na Unión Europea a necesidade de adoptar medidas e iniciativas específicas para a redución do ruído ambiental, plasmada a través da Directiva Europea 2002/49/CE, de 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental, cuxa transposición á lexislación estatal se traduciu na Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

No Concello de Vigo, estanse a recibir diversas queixas e suxestións en relación co ruído do segundo cinturón de Vigo (VG-20). Este vial, titularidade do Ministerio de Fomento, rexistra unha alta intensidade de tráfico, dado que permite a saída á gran actividade industrial xerada tanto polo Porto de Vigo como as empresas fundamentalmente de automoción existentes no municipio.

Faise necesario, polo tanto, que o Ministerio de Fomento proceda a adopción de actuacións e medidas para reducir os niveis de exposición da poboación ao ruído ocasionado por este vial, que poderán consistir en:

- Actuacións sobre a fonte de ruído, tales como o cambio de pavimento convencional a un pavimento de tipo drenante ou absorbente do ruído, a redución da velocidade...;
- Actuacións sobre o medio de propagación, tales como pantallas acústicas ou pantallas verdes.

A elección da concreta medida de actuación dependerá do estudo pormenorizado que o Ministerio de Fomento debe levar a cabo.

Polo anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Ministerio de Fomento a que realice un estudo pormenorizado e deseñe un plan de acción específico para reducir os niveis de exposición da poboación de Vigo ao ruído ocasionado polo segundo cinturón (VG-20), especialmente nas zonas de Navia e Valadares, así como a execución das medidas de actuación concretas que deles resulten."

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 23 de xuño de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Hoxe non podemos empezar doutra forma senón recoñecendo e dando as grazas á Sra. Díaz polo seu traballo nesta Corporación, un gran traballo de esforzo dedicación e de constancia.

Hoxe quixen traer a esta Pleno, o Goberno da cidade quixo traer a esta Pleno, o Partido Socialista Obrero Español quixo traer a este Pleno o problema do ruído pero non do ruído que se ocasiona na Praza do Rei, senón do que se ocasiona no barrio de Navia.

PRESIDENCIA: En caso de que non se produza o respecto por parte do público vou suspender o Pleno. Sr. Regades, despois dos insultos que recibiu pode vostedes continuar.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Podíamos ler hai escasas datas nos medios locais, "Navia soporta agora os maiores ruídos trala caída do tráfico nos accesos a Vigo. O ruído constitúe un dos problemas ambientais máis serios e se recoñécese como unha das variables prioritarias cando se valora a calidade de vida dos cidadáns/ás. O ruído que sofren nestes momentos o barrio de Navia que ofrece un determinado

asentamento nunha cidade.

Esta situación iniciouse na Unión Europea en base á necesidade da calidade de vida dos cidadáns das cidades de Europa. Necesidade de adoptar medidas iniciativas específicas para a redución do ruído ambiental, plasmada a través da directiva europea 2002/49 do 25 de xuño do 2002, sobre a avaliación e xestión do ruído ambiental cuxa transposición á lexislación estatal traducíuse na lei 37/2003, do 17 novembro dese mesmo ano. O ruído é importante atallalo nas cidades, o ruído produce transformacións na personalidade das persoas e reduce a calidade de vida desas persoas nos seus barrios. No Concello de Vigo estanse a recibir diversas queixas e suxestións en relación co ruído no segundo cinto de Vigo, o denominado VG-20. Esta vial titulariedade do Ministerio de Fomento rexistra unha alta intensidade de tráfico, dado que permite a saída e a entrada na cidade de gran actividade industrial, xerada tanto polo Porto de Vigo como polas empresas fundamentais da automoción que existen nesta zona e neste municipio industrial por natureza. No documento de revisión e actualizado o mapa do ruído da cidade de Vigo porque o compromiso do Alcalde da cidade, do Sr. Abel Caballero de reducir o ruído nesta cidade fixo que en agosto do 2013 se aprobara definitivamente en Xunta de Goberno Local o mapa de ruído da cidade, que fixo que mellorara de forma importante a calidade de vida de moitas viguesas/es nesta cidade que tiña moita dificultade para seguir a súa traxectoria e descanso nos seus fogares.

Segundo este estudo os niveis de día nesta zona, a de Navia, supera os 70 decibelios, nos bloque residenciais das fachadas orientadas cara a VG-20. Os niveis de noite resultan tamén moi elevados, superiores ao 65 decibelios, de feito unha gran parte das queixas recibidas son dos veciños da rúa Teixugueiras no barrio de Navia. Segundo a vixente normativa sobre o ruído os obxectivos da calidade acústica para uso residenciais fixan un máximo de día de 65 decibelios e un máximo de noite de 55 decibelios, como ven e como dicíamos nese mapa de ruídos, nese estudo pormenorizado dos ruídos da nosa cidade, o barrio de Navia, sobre todo a rúa Teixugueiras na súa cara á VG-20 o superan con creces nestas zonas, outras zonas afectadas da cidade xa se foron desenvolvendo e solucionando, agora cremos que lle toca a oportunidade ao barrio de Navia.

Ademais no plan de acción contra o ruído do Concello de Vigo redactado en trámite de aprobación, xa se contempla esta situación debendo instarse ao titular da vía a

adopción de dúas medidas urxentes, rápidas e importantes.

Faise necesario polo tanto que o Ministerio de Fomento proceda á adopción de medidas de actuacións para reducir os niveis de exposición da poboación ao ruído ocasionado por este vial, que poderán consistir en dous eixos fundamentais, o primeiro a actuación sobre a fonte do ruído, tales como o cambio do pavimento convencional por un pavimento de tipo drenante ou absorbente do ruído, a redución da velocidade dos vehículos, etc.. E outro segundo eixo non por iso menos importante, que é a actuación sobre o medio de propagación tales como pantallas acústicas de metacrilato, de cristal ou pantallas verdes de vexetación que absorban parte dese ruído, como a actuación que está facendo este Concello na entrada da VG-20 na inserción co barrio de Navia. A creación concreta de medidas de actuación son importantes, traballemos por Vigo, traballemos por Navia.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente constanos que os veciños/as que viven en Navia na rúa Teixugueiras de cara a VG-20 están padecendo esta situación de ruído, cónstanos, tense discutido en distintas comunidades e é bo que cada vez máis cidadáns sexan conscientes do problema de saúde que trae o ruído, é normal que o demanden e é bo. En sociedades máis avanzadas incluso se ten en conta o ruído e como afecta á fauna, cada vez máis no Estado hai máis colectivos que demandan esta atención, en Asturias, por exemplo, xa existe unha plataforma contra o ruído que ocasiona a autoestrada do Cantábrico, téñense mobilizado e é bo que sigan por esta vía, a min non me consta que existan plataformas de animais para defenderse, pero si que a actuación do Ministerio non é sensible con estas situacións, por iso é bo se lle demande.

En Navia ademais, pola altura dos edificios hai estudar distintas alternativas con unha é insuficiente porque hai edificios moi altos, e polo tanto, as pantallas serían insuficientes para absorber todo o ruído, hai que traballar sobre pavimentos fono-absorbentes que poden reducir os decibelios de ruído, ademais de reducir velocidade, en todo caso parécenos que as medidas deben ser varias e debe ser o Ministerio quen tome a decisión e unha mágoa a insensibilidade con este problema de saúde que ten o Ministerio, que teñen que ser os veciños, as plataformas cívicas as que llo demanden, cando como dicía en Europa se teñen en conta como afecta aos veciños e tamén á fauna, aquí nin aos veciños nin a fauna.

Efectivamente nós ímonos sumar a apoiar a moción para que o Ministerio actúe e deseñe medidas para paliar este problema que os veciños que a padecen realmente é grave.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar falar un pouco da melloría da Sra. Díaz que a desexamos todos neste Pleno, e desexarlle o mellor no futuro.

Nós queríamos dicir que tamén imos apoiar esta moción pero incidir e explicar que o Ministerio de Fomento xa fixo ese estudo, é dicir, na moción instase ao Ministerio de Fomento a facer un estudo e tomar as medidas que conclúan despois deste, estou vendo que xa se está propoñendo medidas sen ter coñecemento exacto dese estudo, está claro que é unha zona moi ruidosa porque é o tráfico entre Citroën e Zona Franca e iso non o podemos discutir, e un tema que hai que manter porque a convivencia nesta cidade tamén ten que ser coas zonas industriais, neste sentido nós propoñeríamos, falamos cos veciños de Navia, eles tamén propoñen a posibilidade nun futuro de poder soterrar ese tráfico, é dicir, nos non queremos facer aquí un acopio de improvisacións como fan vostedes moitas veces nas obras, é dicir, quizais poñer agora dous arranxos pero que non quede para o futuro. Tamén na parte baixa de Teis, en Arquitecto Palacios, Castrelos, zonas de ámbito municipal tamén hai zonas de moito ruído e habería que propoñer tamén, con informes ou sen informes, sobre este tema de tantos decibelios, da posibilidade da convivencia. Consideramos neste tema a moción un pouco retórica e como digo improvisada porque nese caso o Ministerio de Fomento dende o primeiro momento está traballando neste tema, xa fixeron un previo estudo que esta feito de data 2011, paréceme e senón me equivoco, agora en abril xa se presentou o derradeiro, se é verdade que a VG-20 aparece nese estudo, pero as medidas trasladadas directamente dende o Ministerio de Fomento, hai que ver e saber ben cales son as perspectivas de futuro, o tráfico diario, como se pode solucionar e cales poden ser as situacións e as inversións que poidan prevalecer no futuro que non vaian ser quizais o cambio dun pavimento ou dunhas xuntas determinadas que dentro dun ano ou ano e medio volvan outra vez a ter que ser modificadas.

Polo tanto, nós neste sentido invitarlles a que consulten o estudo de ruídos que fixo o Ministerio de Fomento, tendo os antecedentes, sendo conscientes do tráfico que soporta Citroën e a Zona Franca, poder falar de convivencia entre veciños e a zona

industrial, os veciños de Navia iso tamén o entenden, pero ter en conta que é un barrio novo, que está feito sen ter os servizos necesarios dende o punto de vista municipal e moitas zonas municipais desta cidade que habería que controlar ruído, insisto, Castrelos, Arquitecto Palacios, zonas da Gran Vía que nós tamén recibimos a diario queixas dos veciños, se tanto estamos poñéndonos nese plan, pois deseñar unha cidade na que non sexa a base de improvisacións nas obras e que teña un pouco perspectiva de futuro e onde poidamos convivir todos.

Apoiaremos esta moción, pero insisto, en caso de reincidir un pouco no tema do estudo porque que saiban tódolos veciños de Vigo que o estudo xa está feito e que o Ministerio de Fomento está comprometido con este tema, está traballando para ter unha solución a longo prazo, e que non nos pase o que nos pasou con anteriores ministros onde as obras poden quedar anticuadas.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Cando o Partido Popular nos di que esta moción que traemos ao Pleno é retórica e improvisada, imaxínome que vostedes están faltando á verdade novamente, o Partido Popular está acostumado a faltar á verdade.

O mapa de ruídos da cidade de Vigo detecta dúas zonas con máis de sesenta decibelios co cal zonas acusticamente saturadas na cidade, unha era o barrio de Teis que trouxemos hai escasos meses a este Pleno a debater porque para nós tódolos barrios de Vigo son iguais, teñen importancia e traballaremos e traballamos por tódolos barrios da cidade, moleste a quen lle moleste.

Falando do ruído, neste caso de Navia, non do ruído da Praza do Rei, podémoslle dicir que lle digan ás veciñas/os de Navia que estas medidas son retóricas, porque estas medidas son unha necesidade das veciñas/os dese barrio, por iso, nós cando falamos do acordo dicímoslle que instemos ao Ministerio de Fomento toda a cidade, tódolos vigueses/as, e nós este Pleno que somos os que os representamos lle pedimos que faga un estudo e sobre todo que executen este estudo, porque as veciñas/os de Teis, de Navia, de todo Vigo non teñen porque sufrir uns ruídos innecesarios. Imos intentar resolver esta situación como ben dicía o Bloque Nacionalista Galego que lle consta o ruído porque o ruído existe. Lle di que as viguesas/es, os veciños/as lle trasladan a existencia deste ruído, este ruído existe e temos que traballar para que se elimine dunha vez por todas.

Diciamos ideas, como pantallas, redución de velocidade como chans absorbentes

de ruídos, son ideas que teñen que ir avaladas e xustificadas por un estudo que cremos que xa é o momento de executar e non seguir estudando, porque si que é verdade que o Partido Popular onde goberna estuda moito pero fai pouco, porque esta cidade nos últimos anos non vivimos ningunha obra do Partido Popular dos gobernos autonómicos, nin dos gobernos estales. Falla de sensibilidade do Ministerio de Fomento na VG-20, Europa, dicía o Bloque Nacionalista Galego, preocúpase dos veciños/as, da fauna, por iso fixo unha directiva por iso no Parlamento Español fíxose unha lei, agora dicímoslles as leis son para aplicalas, son para facer unha cidade máis xusta e mellor.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.06.2014 (Rex. Nº 910/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(97).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, DEMANDANDO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA A DOTACIÓN Ó NOVO HOSPITAL DE VIGO DE LABORATORIOS DE ANÁLISES CLÍNICOS E MICROBIOLOXÍA. EXPTE. 911/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño de 2014, número 911/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Recentemente, os medios de comunicación de Galicia fixéronse eco de que, en contra do planificado inicialmente e acordado cos profesionais do Complexo Hospitalario de Vigo e outros expertos cualificados do mundo da planificación sanitaria, a Consellería de Sanidad decidiu non situar no Novo Hospital de Vigo (NHV) o Laboratorio Central de Análises Clínicas nin o Laboratorio de Microbioloxía, dúas especialidades hoxe centrais, de referencia e imprescindibles en calquera complexo hospitalario moderno, que forman parte do núcleo de decisión no proceso asistencial integral.

Unha decisión tomada en contra dos criterios técnicos de planificación mais elementais, dos intereses estratéxicos do complexo hospitalario de Vigo e da súa área de referencia, así como dos intereses profesionais de todos e cada un dos que conforman dous servizos modélicos, como son os de Laboratorio e Microbiología de Vigo.

As declaracións públicas e os escritos remitidos á Consellería de Sanidade aos medios de comunicación polos profesionais de ambos os dous servizos, Centrais Sindicais e asociacións do sector, poñendo en evidencia o erro desta medida e solicitando a reversión desta, deberían invitar aos responsables da sanidade galega a reconsiderar unha medida que unicamente se explica no contexto de estar ao servizo de escuros intereses.

Por todo o cal, en nome do grupo municipal do PsdeG- PSOE, e facéndonos eco das demandas formuladas polos profesionais de ambos os dous Servizos, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

.- Demandar a Consellería de Sanidade que reconsidere as medidas tomadas e proceda a dotar ao NHV dos laboratorios correspondentes de Análisis de Clínicos e de Microbioloxía, que dean resposta ás necesidades dos centros sanitarios públicos, dependentes da área de Vigo.“

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 23 de xuño de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En primeiro lugar facer un recoñecemento moi afectuoso e emocionado pola dimisión da Sra. Díaz Vázquez que é unha

compañeira excepcional, unha gran profesional, unha gran concelleira e sobre todo é, como diría o Sr. Machado, no sentido bo da palabra, boa, magnífica persoa. Polo tanto, o meu desexo que é o de todos, dun pronto restablecemento e dun pronto reencontro nesta vida política.

PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro, imos esperar, vostede falando do Sr. Machado e os representantes do “chiringuito” insultando.

PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro pode vostede continuar defendendo o interese xeral mentres outros defenden o particular.

Respectar é insultar aos representantes elixidos democraticamente, vostedes levan todo o Pleno insultando gravemente aos representantes elixidos polos cidadáns, son vostedes a mostra do que nunca debería pasar en democracia. Hoxe as viguesas/es estavos vendo, saben perfectamente quen son vostedes, segan vostedes faltando ao respecto, se fotografan, continúen facendo vostedes o que consideren, vostedes autofotografíanse con este movemento antidemocrático, de falla de respecto absoluto é o cuarto Pleno deste Concello que vostedes intentan rebentar por vías antidemocráticas, é antidemocrático fallar ao respecto, insultar, usar palabras bastas, vostedes están demostrando a Vigo quen son, se queren seguir así, sigan facéndoo, xa todo o mundo sabe quen son, de onde veñen e que intereses particulares defenden, sábeo todo Vigo, hoxe hai aquí cidadáns defendendo servizos para o novo hospital, persoas decentes con comportamentos decentes, tomen vostedes exemplo desa forma de actuar, están vostedes no seu dereito de reclamar o que consideren, pero non perdan as formas, estanas perdendo e iso fai que todo o mundo saiba quen son vostedes, mentres non garden silencio non imos continuar.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Recentemente os medios de comunicación de Galicia fixéronse eco de que en contra do planificado inicialmente e acordado polos profesionais do Complexo hospitalario de Vigo e outros experto cualificados do mundo da planificación sanitaria, a Conselleira de Sanidade decidiu non situar no novo hospital de Vigo o laboratorio central de análise clínico nin laboratorio de microbioloxía. Dúas especialidades hoxe centrais de referencia e imprescindibles en

calquera complexo hospitalario moderno que forme parte dun núcleo de decisión no proceso asistencial e integral aos pacientes, unha decisión tomada en contra dos criterios técnicos de planificación máis elementais, dos intereses estratéxicos do complexo hospitalario de Vigo e da súa área de influencia, así como dos intereses lexítimos dos profesionais de todos e cada un dos servizos que conforman dous servizos modélicos, como son os laboratorios de microbioloxía e central do hospital actual.

As declaracións públicas e os escritos remitidos á consellería de Sanidade e aos medios de comunicación, polos profesionais de ambos servizos, centrais sindicais e asociacións do sector poñendo en evidencia o erro desta medida e solicitando a reversión desta, debería invitar aos responsables da sanidade de Galicia a reconsiderar unha medida que unicamente se explica no contexto de estar ao servizo de escuros intereses.

Por todo isto e en nome do grupo municipal do Partido Socialista, e facendonos eco das demandas formuladas polos profesionais de ambos servizos propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte: Demandar da Consellería de Sanidade que se reconsidere as medidas tomadas e proceda a dotar ao novo hospital de Vigo dos laboratorios correspondentes de análise clínicos e de microbioloxía, que dean resposta as necesidades dos centros sanitarios públicos dependentes da área de Vigo.

A decisión da Consellería de Sanidade de privar ao novo hospital de laboratorio central é como mínimo escandalosa e inexplicable, e carece do máis mínimo fundamento técnico. Non se pode entender que un hospital desta características non dispoña dun laboratorio central, un servizo fundamental de apoio aos servizos clínicos de referencia para toda a área sanitaria, que inclúa ademais aos servizos propios de análises clínicos, bioquímica, inmunoloxía e dotacións específicas de bioloxía molecular, genómica, en íntima relación cos servizos de hematoloxía, anatomía patolóxica e microbioloxía.

Pérdese así a oportunidade de creación dun servizo de alta valor engadido que podería facer de referencia ao sur de Galicia respecto ao resto da comunidade.

A decisión de trasladar o laboratorio ao hospital do Meixoeiro nun espazo insuficiente e deixar no novo hospital de Vigo só un laboratorio de urxencias, hai que entendela no contexto antes explicado da lóxica concesional e de crear as

bases dunha próxima privatización.

A medida vai supoñer importantes repercusións sobre a calidade e a atención aos pacientes, xa que esixe un sistema de transporte de mostra e vaise producir un deterioro das mesmas, vaise atrasar o tempo de resposta, vaise prolongar as estancias, vaise impedir a necesaria interacción entre os profesionais do laboratorio e os clínicos dificultando a toma de decisións, hoxe en día os que fan os análises clínicos fundamentalmente actúan como consultores no proceso do diagnóstico, non como mero realizadores de mostras. Polo tanto é fundamental no proceso asistencial íntimo do que é un hospital moderno.

Non existen polo tanto razóns técnicas de eficiencia e de operatividade de loxística, nin de calidade que sustente esta decisión, polo tanto solicitamos á Consellería de Sanidade proceda a tomar as decisións oportunas para reverter esta medida que vai contra tódolos criterios profesionais e de planificación sanitaria.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Empezando polo último do que falaba o Concelleiro do Partido Socialista, claro que non hai razóns nin técnicas, nin profesionais para non dotar ao novo hospital de Vigo do laboratorio central, pero si hai unha razón pura e claramente económica e a razón pura é claramente económica e que unha vez máis seguimos vendo como o novo hospital de Vigo vaise converter nun auténtico negocio para unha empresa privada a que se lle regala un hospital e logo non se lle esixe nin o máis mínimo elemental servizo de atención.

Non vou entrar a repetir os argumentos técnicos que o Sr. Rodríguez Escudero, como facultativo que é, xa explicou, simplemente vou falar con claridade estamos acostumados a ver incluso en series de televisión que non son de ficción, que son series baseadas na realidade como cando alguén ingresa en urxencias, con algunha enfermidade grave calquera facultativo o primeiro que fai e pedir precisamente probas e análises porque como ben se dicía antes, se nalgún momento o primeiro e máis elemental asesor clínico que ten un facultativo para intervir de urxencia ou para facer unha intervención de calado, ese primeiro e gran asesor son precisamente os análises clínicos e as probas. Que é o que está facendo o Partido Popular, quere facer o Partido Popular? Que unha persoa que ingrese ou que teña que ser atendida no novo hospital de Vigo, as súas mostras, as súas probas teñan que ir a quilómetro e quilómetros de distancia de onde está ingresado. Isto

lémbraos ao terceiro mundo, lembramos unha vez máis a falla de sensibilidade que ten o Partido Popular e a Xunta de Galicia coa saúde das persoas, vostedes están xogando unha vez máis coa vida e coa saúde das persoas simplemente para facerlle máis levadeiro a xestión dun hospital a unha empresa privada. Isto non é outra cousa que tratar aos pacientes, aos vigueses/as e da súa área de influencia como auténticos pacientes de terceira categoría. Iso si, vemos como agora parece a adxudicación do novo laboratorio central de Galicia a unha empresa privada, é dicir, non dan vostedes puntada sen fío cando se trata de privatizar e cando se trata de retraer a calidade asistencial.

Todo isto, efectivamente, sen contar absolutamente con ningún profesional, sen contar con ningunha opinión, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego se estivemos reunidos con profesionais e explicáronnos o que hoxe estamos dicindo, que é unha auténtica barbaridade e unha vergoña, hai poucos meses o Presidente da Xunta de Galicia o Sr. Núñez Feijóo, dicía textualmente que Vigo ía ter o mellor hospital de España, que ía ter o mellor hospital de Europa, iso dicía, hoxe en día tería que estarse calado e os señores do Partido Popular deberían ter a vergoña de nin sequera falar nesta moción porque están poñendo enriba da mesa un hospital terceiro mundista.

Agora vannos falar de que poñer un novo laboratorio no novo hospital é máis caro do que vai custar a reforma do Hospital do Meixoeiro, que reforma? Que reforma nos están vendendo vostedes, non o dicía eu dicían e se facían eco os medios de comunicación, que a famosa reforma do Hospital do Mexoeiro vostedes a queren deixar simplemente en arranxar unha fachada. Miren o que lles digo señores do Partido Popular como representantes da cidadanía de Vigo, e como posibles pacientes, que poden selo como podemos ser cada un de nós, díganlle aos seus dirixentes en Santiago de Compostela algo moi claro, que deberían telo claro calquera representante público dos cidadáns, coa saúde non se xoga.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu tamén me uno aos desexos de pronta recuperación da Sra. Díaz e gustaríame tamén saudar aos compañeiros e representantes de facultativos do CHUVI e analistas, sinto que teñan que presenciar un Pleno tan “bronco” como este pero é a nosa realidade.

Con esta moción a verdade que o Partido Popular síntese satisfeito, francamente

satisfeitos de que o Goberno Municipal por fin se renda á realidade dun hospital construído. Lémbrese desta famosa foto na que honra Sr. Rodríguez Escudero que vostede este escondido, na que pediamos a paralización do novo hospital, a infraestrutura máis necesaria para esta cidade, réndese vostede á realidade das seis veas azuis construídas no Álvaro Cunqueiro, réndense á realidade das grúas que se están a retirar e traen unha moción para a planificación de servizos, estamos a falar e a discutir de servizos nun novo hospital construído, por iso nos felicitamos porque algún logro si que acadamos.

Pero chegan vostedes con certo atraso para cumprir as obrigas que lle corresponde ao Concello que é o subministro das acometidas de luz, auga, electricidade, comunicacións, etc. chegan con certo atraso pero gracias á responsabilidade do Partido Popular rómpese o bloqueo que tiñan para que estas acometidas chegaran a un hospital que non pode funcionar sen elas.

A planificación dos laboratorios da estrutura de xestión integrada de Vigo, resumía a Consellería a semana pasada e está aquí tamén presente o Sr. Abel Losada que pode ratificalas miñas palabras e incluso completar porque eu non vou a ceñirme ao discurso da conselleira, simplemente vou a facer un resumo do que ela dicía, e dicía que o novo hospital vai ter un laboratorio público de xestión pública que funcionará as 24 horas do día, os 365 días do ano, isto era o resume, estamos a falar de xestión pública e diso Sr. Rodríguez Escudero podemos falar vostede e eu ao saír, GALARIA tres veces máis que as empresas privadas.

A EOXI de Vigo é unha estrutura multihospital, é dicir, conta con varios centros hospitalarios e decenas de centros de saúde, nestes centros de saúde están realizándose xa mostras no hospital de Vigo, faise a extracción periférica que tanto falaban vostedes de que as mostras se deterioraban, faise dende hai anos e díganlle agora aos cidadáns de Tui que teñen que vir a pincharse a Vigo.

O hospital Álvaro Cunqueiro vai ter un laboratorio para a realización de tódalas as probas que necesitan e que precisan resultados inmediatos ou procesamento inmediato, ben dimensionado porque ten unha dimensión superior ao do actual laboratorio do Meixoeiro, e ten espazos suficientes para montarse as probas que consideren necesarios os facultativos e os profesionais que alí traballan. A rutina máis do 90% do que se fai nun laboratorio é o que vai a ir a unha cadea automática que se chama CORE e que vai ir situada no hospital do Meixoeiro, un dos hospitais

deste complexo, porque vai ter cincocentas camas e vai demandar analíticas e tanta distancia hai do Meixoeiro ao Álvaro Cunqueiro como deste ao Meixoeiro. Un transporte continuo é dende logo a garantía de que as mostras van ser transportadas adecuadamente como se fai ata agora.

Pero isto non é unha cousa que inventara a Consellería de Sanidade, é unha concentración de laboratorios que por calidade, seguridade e eficiencia estase facendo en todo o mundo. Vostedes que tanto falan de Andalucía ten un programa denominado INTEGRA que concentra tódalas analíticas de Andalucía nos hospitais rexionais e provinciais e así Sevilla, a primeira que se vai poñer en marcha, un hospital de mil camas e outro de cincocentas non van dispor dese laboratorio central, van ter un laboratorio de urxencias e todo vaise concentrar no Virxe do Rocío, Nosa Señora de Macarena, que vostede coñece ben Sr. Rodríguez Escudero, e Valme, que tamén coñece ben, van ir todas á Virxe do Rocío e así en tódalas provincias.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Ante todo quero dicirlle Sra. Cendón nin profesionalmente, nin persoalmente, nin moralmente ten vostede capacidade para dicirme a min que eu me escondo, xamais me escondín de nada, polo tanto pido que retire esa palabra porque me parece improcedente en tódolos sentidos, nin politicamente, nin persoalmente, nin profesionalmente. Polo tanto se vostede non sabe facer dialéctica, é dicir, razón, é preferible que non interveña porque sempre que intervén descualifica persoalmente e isto non é válido Sra. Cendón.

Para falar disto hai que ter coñecemento profesional, non fai falla dicir o que diga interesadamente a conselleira nos medios para xustificar o inxustificable, non hai xustificación técnica, nin profesional de ningún tipo que avale que o laboratorio se teña que desviar ao hospital do Meixoeiro, por que motivo? Porque o núcleo da medicina aguda vai ir no novo hospital e aí é onde require toda a inversión, toda a intensificación tecnoloxía e de recursos humanos para estar próximo á resposta inmediata que require o feito asistencial, porque vostede está falando dun tempo dos laboratorios antediluviano, vostedes utiliza a palabra CORE sen saber o que é. CORE pertence a un concepto dentro dos que son centros de diagnósticos bioquímicos, que deben estar integrados alí onde se aproxima e onde se realiza o acto asistencial fundamentalmente, porque se a razón que di a conselleira é que vai

haber máis espacio físico no Meixoeiro, non é verdade, a posibilidade de expansión teno o novo, os custes son menores cando se fan de orixe, e a posibilidade de expansión como lle dicía son maiores no propio Xeral.

Precisamente hoxe en día o concepto de laboratorio de urxencia xa nin sequera existe Sra. Cendón, fala dun concepto que non existe, porque hoxe se integra no CORE, na estrutura fundamentalmente.

Polo tanto está falando sen coñecemento, eu gardei un escrupuloso silencio e respecto cara todos, polo tanto pídlle o mesmo respecto xa que non o fixo de inicio polo menos ao final.

Isto é unha tropelía máis da Xunta de Galicia para a área de Vigo, voulle dicir unha cousa, no 2010 unha empresa privada das maiores de España a Sra. Farjas prometeulle que se se facía con determinado hospital de Galicia privado dáballe a xestión dos novos laboratorios do hospital de Vigo e iso é o que se vai producir nos próximos meses, acórdese do que lle digo aquí.

PRESIDENCIA: Sra. Cendón o Pleno o dirixo eu, deille ao Sr. Rodríguez Escudero uns segundos máis igual que tamén lle din a vostede entre outras cousas porque vostede interrompeuno, polo tanto Sra. Cendón o Pleno o dirixo eu, déixeme dirixilo.

Antes de proceder a proposta de se acepta ou non a emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego quero agradecer, estou segura que en nome de toda a Corporación o feito de que estean aquí profesionais da Sanidade defendendo que o novo hospital teña tódolos servizos, iso é defender o interese xeral e querémosllo agradecer.

Por outra banda, aquí fixéronse afirmacións falsas e como presido este Pleno e teño dereito a intervir polo tempo e sempre que así o considere, quero que lle quede claro as viguesas/es que o Grupo Municipal Socialista, o Goberno Local de Vigo está total e radicalmente en contra da construción dun hospital privado, total e absolutamente en contra, e é máis aquí nomeouse a unha comunidade autónoma, que por certo cando se fala doutros concellos de Galicia para poñer por exemplo, o Grupo Popular enfádase moito e o cuestiona, pero sempre traemos a colación a Andalucía, quérolles dicir tamén as viguesas/es que sorte teríamos se en Galicia gobernara a presidenta que goberno na Xunta de Andalucía, porque é alí onde se

opuxeron aos copagos sanitarios e a privatización da Sanidade e é esa presidenta a que levantou a bandeira a favor da sanidade pública para que quede claro.

Dito isto, hai unha emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego que paso a ler e logo lle preguntarei ao voceiro que propón a moción se a acepta.

Di a emenda “esixir á Consellería de Sanidade que proceda a dotar ao novo hospital de Vigo dos laboratorios correspondentes de análises clínicos de microbioloxía, hematoloxía, e inmunoloxía que dean resposta ás necesidades dos centros sanitarios públicos dependentes da área de Vigo”, Sr. Rodríguez acepta a emenda?

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Si por suposto, porque no concepto de laboratorio que se manexa e que manexou para planificar cos profesionais do hospital, incluíase este concepto de integración destes laboratorios.

PRESIDENCIA: Agradecemos de novo o apoio dos profesionais e as demandas do interese xeral de sanidade pública que están realizando.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Dominguez Olveira, presenta a seguinte emenda de substitución.

Modificar o texto do acordo para que quede da seguinte maneira:

“Esixir á consellería de Sanidade que proceda a dotar ao NHV dos laboratorios correspondentes de análises de clínicos, de microbioloxía, de hematoloxía e inmunoloxía, que dean resposta ás necesidades dos centros sanitarios públicos, dependentes da área de Vigo”

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Rodríguez Escudero, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO DO BNG: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego (Presidencia), e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso

Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, queda rexeitada a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego (Presidencia), e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.06.2014 (Rex. Nº 911/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.4(98).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DEMANDAR DO GOBERNO DO ESTADO O INICIO DUN PROCESO CONSTITUÍNTE QUE GARANTA O DEREITO DA AUTODETERMINACIÓN DOS POBOS QUE CONFORMAN O ESTADO ESPAÑOL RECOÑECENDO O DEREITO A DECIDIR. EXPTE. 902/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 3 de xuño de 2014, número 902/1101, a voceira do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime "vitalicio" e "hereditario" establecido "pola graza de Deus" e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simple mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso consitutínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

Nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir."

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 23 de xuño de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: O pasado 2 de xuño precisamente durante a realización dun Pleno neste Concello coñecemos a noticia da abdicación do Xefe do Estado español, o Rei Juan Carlos I, que aínda segue acompañándonos nesta sala, supoño que será substituída a súa foto proximamente, a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático no século XXI, un réxime vitalicio e hereditario establecido pola graza de Deus e que supuxo ademais no caso do Estado español, a continuidade co franquismo, tivemos un rei elixido polo ditador, nomeado polo ditador, que agora deixa en herdanza o seu cargo ao seu fillo. Por outra banda ademais existe agora mesmo unha profunda desafección da cidadanía fronte a unha monarquía que está inmersa en grandes escándalos de corrupción, con práctica profundamente antidemocráticas, e que deixan en evidencia o seu papel real de simples vividores a custe da cidadanía.

Estamos a asistir agora mesmo a unha operación de cosmética para salvar o réxime na que están participando o Partido Socialista e o Partido Popular, un réxime do que é sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica e nin se sente representada pola familia real. Nesta conxuntura o Bloque Nacionalista Galego non lle vale simplemente unha mudanza de caras que dean continuidade a un réxime unitario centralista deseñado na transición e que perpetúe a monarquía como símbolo e garante desa unidade. Insistimos en que para nós a monarquía non é en ningún caso compatible cun sistema democrático.

O que a cidadanía precisa neste momento é liberdade e capacidade para decidir, nese espazo verdadeiramente democrático onde se garante o dereito da autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei, nin o que está agora na foto, nin o que virá na seguinte foto que teñamos aí pendurada.

Por iso, xulgamos importante que se inicie un proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galicia sexa o referente político para a nosa cidadanía. Nos últimos anos estamos asistindo a un proceso de recentralización política, que mingua aínda máis a capacidade de Galicia para decidir sobre si propia, e e que

está tendo ademais consecuencias directas e graves sobre a nosa cidade porque sobre esta proceso de recentralización e de reforzo das provincias, ese sistema de organización territorial e política que tan ben funcionou durante a ditadura franquista, agora gracias a ese sistema de recentralización e das provincias, en Vigo imos perder o noso Partido Xudicial.

Nesta profunda crise do sistema político español que atinxe a tódalas institucións que o conforman, sobre todo á monarquía, nós o que estamos pedindo e que se nos dea a oportunidade de decidir sobre o noso libre desenvolvemento como pobo. Por iso nós presentamos esta moción na que queremos instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito da autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español, recoñecendo o noso dereito a decidir. O dereito a decidir que está pedindo a xente nas rúas e non só naquelas manifestacións nas que a cidadanía estamos pedindo unha república galega, nas que a cidadanía estamos cuestionando dunha maneira tan evidente un sistema que non é democrático, non é un sistema propio do século XXI como é a monarquía hereditaria, que o Xefe do Estado obteña o seu cargo en herdanza, despois de que o seu pai fose designado polo ditador. Isto é evidente que profundamente democrático sería realmente tomar a decisión de non apoiar este mecanismo de cosmética que permite perpetuar un réxime que non ten ningún sentido neste século e que non ten sentido nun suposto sistema democrático. Pero é que ademais nós estamos pedindo o dereito a decidir porque mentres se sega decidindo dende o Goberno do Estado sen que o Goberno da Xunta de Galicia estea reclamando as necesidades do noso pobo imos seguir sufrindo as consecuencias dunha maneira grave como as estamos sufrindo nos últimos tempos nesta cidade.

SR. LÓPEZ FONT: O Partido Socialista é un partido de concepción federal, e é un defensor do estado plural e descentralizado. Un partido que contribuíu a estabilidade política do Estado español, á estabilidade do Estado español no actual período constituínte que foi dende o punto de vista do sistema democrático o máis frutífero da historia recente, porque hoxe temos unha democracia firme e estable, precisamente despois de período máis escuro da historia e este sistema político español do estado que hoxe temos permitiu que Galicia tivera un

vicepresidente da Xunta de Galicia dun partido nacionalista.

Este sistema político permitiu avanzar no benestar e nos dereitos sociais, pero a nosa contribución a este sistema político faise dende o proceso reflexivo, e cando toca e somos conscientes que o actual sistema político español necesita unha revisión, achegas e nese sentido este partido federal ao que represento, ten un pronunciamento nítido, moi recente pola reforma da constitución que aquel que estea interesado remítome a que o poda consultar co título dun novo pacto territorial “a España de todos”.

Esta moción marca un pronunciamento político moi concreto, período constituínte e autodeterminación, respectamos na súa formulación pero non compartimos e dende logo descartamos totalmente a forma na que propón esta moción, porque estimada Sra. Veloso, propoñer un período constituínte son palabras maiores, isto non é algo que se produza cada pouco tempo senón moi ao contrario, propoñer a autodeterminación tamén. Por iso, para o noso partido nesa concepción federal, como dicía ao principio, debe ser un pronunciamento de todo o Estado. Unha proposta deste calado ten o contexto non aquí, senón nunhas elección xerais do Estado español, tocará nese momento, ese momento é novembro de 2015, fíxense a paradoxo da proposta que vostedes fan, que hoxe os españois sofren as consecuencias do maior incumprimento e do maior engano electoral que se fixo neste país. O Partido Popular incumpriu a nivel do Estado todo o seu programa electoral do novembro do 2011 e os efectos sobre os cidadáns, sociais en canto a dereitos políticos e económicos como vostede e eu ben sabemos, foron absolutamente demoledores. Por iso sorprende, e digo que na forma, esta moción podería ter moitos cualificativos pero non vou caer nesa trampa, vostedes propoñen á Xunta de Galicia, que se debe entender pola Xunta de Galicia, o goberno de Galicia? O goberno de hoxe do Partido Popular levaba no seu programa electoral iso que vostedes propoñen hoxe? Non, vostedes están instando a un Goberno que nos guste máis ou menos a un incumprimento e a un proposta que non se corresponde coa súa realidade.

Polo tanto, estamos en total desacordo coa moción, xa tocará nas elección xerais como lle dicía anteriormente, porque este partido federal ao que represento hoxe ao falar nesta moción, está en contra de dúas tentacións básicas, a tentación centralista que a representan algúns, pero tamén a tentación secesionista que

outros representan. Este grupo municipal, este Partido Socialista de Vigo no Estado español a que nos preside é compoñente da executiva federal o Alcalde é o máximo expoñente do municipalismo para o Partido Socialista no Estado español, a nosa achega debe de ser reflexiva neste sentido, a esta moción poderíanselle asignar moitos adxectivos, pero o que si é proba é dunha inmadurez política que no prevía en vostedes, porque hoxe os españois teñen preocupacións moi importantes, os vigueses tamén e aí é onde vostedes non están, onde vostedes non estiveron, onde vostedes cando se trouxo aquí un orzamento con políticas sociais dixeron que non pero parece ser que só lles preocupa a organización do Estado, a nós tamén.

PRESIDENCIA: Polo Grupo Popular non se interveñ nesta moción, polo tanto para pechar o seu debate ten a palabra a Sra. Veloso.

SRA. VELOSO RÍOS: Si é moi sintomático que non se interveña en certas mocións e mesmo que cando se interveñ se obvие unha parte importante e fundamental da proposta política que está facendo o Bloque Nacionalista Galego, porque é sintomático que o Partido Socialista nin sequera se posicione sobre a monarquía porque xa se posicionaron de maneira manifesta a favor da monarquía o cal debe demostrar o contrario que no noso caso unha madurez política moi profundo porque en tódolos anos de percorrido de existencia do Partido Socialista volveuse monárquico ou acaso o Sr. Pablo Iglesias era monárquico? Esa é a madurez política, volveuse monárquicos e en todos estes anos, non é esa a madurez política que quere para si o Bloque Nacionalista Galego, nós non nos imos volver monárquicos. Nós non imos volver monárquico e imos seguir defendendo o noso país e a nosa cidade, por iso lle reclamamos ao Goberno da Xunta de Galicia, elixido democraticamente que cumpra coas súas obrigas, a quen llo vamos reclamar ao “maestro armero”, Sr. Font, a quen llo imos reclamar? Teremos que reclamarllo ao Goberno da Xunta de Galicia dende a nosa posición, nós estamos na oposición e lle reclamamos o que consideramos o que ten que facer por este pobo que é defender o seu dereito a decidir, que é o que lles proe a vostedes, que é sobre o que falou durante este todo este tempo.

A nós o que realmente nos sorprende porque visto que vostedes está tan

sorprendido coa nosa posición, non sei exactamente por que, porque non manifestamos neste moción nada que non pedíramos e reclamáramos en tódalas institucións e na rúa durante todos os anos de existencia do Bloque Nacionalista Galego, a nós o que nos sorprende é que o Partido Socialista agora se posicione como un partido monárquico e iso é o que nos sorprende e que manteña as mesmas posicións sobre o dereito da autodeterminación dos pobos do Estado español, que o Partido Popular. Iso é o realmente sorprendente dado o seu discurso que evidentemente non se corresponde en absoluto coa súa práctica política como están demostrando perfectamente neste Concello, onde vostedes pactan co Partido Popular para dirixir esta cidade e aplicar as súas políticas, as políticas que eles levaban no programa electoral, esa é a realidade.

Nós imos seguir defendendo na oposición e nos gobernos aos que chegamos porque nos elixe a cidadanía, porque se houbo un vicepresidente nacionalista na Xunta de Galicia foi porque lle votaron os cidadáns/ás do noso pobo, non porque nolo cedera graciosamente o Partido Socialista que tamén se presentou ás eleccións.

Nós si falamos de palabras maiores, efectivamente, falamos de autodeterminación, de período constituínte, pois claro que si, porque nós queremos defender o noso país e falamos de palabras maiores porque é o que necesita o noso país e o que necesita a nosa cidade. Palabras maiores por suposto que si, xa van sendo anos de que falemos dun proceso constituínte ou acaso non podemos falar aínda agora, seguimos na ditadura Sr. Font?.

PRESIDENCIA: Este tema é moi relevante, estamos falando de democracia, de que só poden existir democracias se hai normas magnas aprobadas polo conxunto da cidadanía que permite que a convivencia sexa posible, iso é a Constitución de 1978, que foi votada polo conxunto da cidadanía española, esa constitución que foi votada pola maioría apisoante da cidadanía española, porque iso é a democracia, que as maiorías voten, algúns cren que non, que a democracia é outra cousa, son as revolucións, son montar moito lio nas rúas, pero non, a democracia son as normas que aproba a maioría e que todos temos que cumprir, non hai democracia sen constitución. En España hai unha constitución vixente, a de 1978 que é a que marca con total claridade como se pode reformar esa Constitución, hoxe somos

moitos os grupos que consideramos que hai que reformar esa Constitución, que hai que reformala, que hai que reformar o título II da Coroa, que por certo ten unha modificación agravada, fan falla dous terzos do Congreso dos Deputados para poder facelo, facelos doutra forma é saltarse a norma, é saltarse a Constitución, espero que ninguén estea a pedir que sexa iso o que se faga.

Moitos presumen de que representan aos cidadáns na rúa pero miren na primeira manifestación que houbo nesta cidade, que convocaron os cidadáns con todo o dereito, poñéndose a favor dunha república, o Bloque Nacionalista Galego Sra. Veloso estaba alí e a xente que as convocou berráballes dicindo que non politizaran aquela manifestación na rúa, que era unha manifestación cidadá e vostedes a estaban manipulando cando falaban de pedir unha república galega, porque o problema non está no modelo do estado, o problema está no modelo social, o problema está en se garantimos políticas sociais e emprego para os cidadáns, aí é onde está o problema porque moitos échense a boca con república ou con monarquía eu lle pregunto, que república a de Corea ou a de China, que república quere o Bloque Nacionalista Galego?.

O Partido Socialista Obreiro Español quere unha España democrática, cunha Constitución vixente que marca a convivencia, os maiores anos de democracia, de convivencia, de desenvolvemento deste país conseguiu coa Constitución de 1978. Non admitimos leccións de ninguén, este país tivo estabilidade política e capacidade de ter unha Sanidade pública, universal e gratuíta, Educación pública universal e gratuíta, políticas sociais, igualdade para as mulleres e dependencia porque unha Constitución o permitiu e porque un partido, o socialista o puxo en marcha baseándose na Constitución española, xa está ben de intentar enganar á cidadanía, nós o Partido Socialista non somos monárquicos, somos republicanos pero defendemos que tódolos cambios que se fagan, se fagan dentro da Norma, da Constitución española, que marca como se pode reformar.

Sabe cal é o problema, Sra. Veloso? Que vostedes teñen dous deputados e non poden presentar esa reforma porque non acadarían os votos suficientes, ese é o seu problema, non teñen representación democrática suficiente para poder facelo. Polo tanto, vostedes o que teñen que facer e tódolos grupos que así o propoñan, nós ímolo facer, e levalo no programa electoral, o demais é facer demagogia e intentar enganar á xente, iso se que non se pode consentir.

SR. FIGUEROA VILA: Unha simple explicación de voto. Eu creo que a postura do noso grupo tanto municipal como do partido a nivel nacional, local e autonómico está perfectamente clara. Nós non entendemos que con esta moción en que país viviu o Bloque Nacionalista Galego durante os últimos 39 anos. A nós parécenos que isto máis que unha moción parece unha declaración programática, unha proclama absolutamente demagóxica e afastada da realidade, non entendemos como se pode acentuar de anacrónico o réxime de monarquía parlamentaria avalada pola Constitución que a base fundamental das decisións que se tomaron dende o ano 1978 e porque nós consideramos que durante estes últimos anos se conseguiron as cotas máis altas de liberdade e democracia na historia de España. Isto non o pode negar absolutamente ninguén, por iso para nós é incongruente este discurso que fai o Bloque Nacionalista Galego e dende logo creo que se facemos unha reflexión todos consideramos que a liberdade actual e a forma de facer política e das relacións entre as institucións e as persoas neste país durante os últimos anos, eu creo que foi para todos máis que positiva. Polo tanto nós imos seguir mantendo a nosa postura que creo que está perfectamente clara, e como non teño máis tempo xa o explicarei con mais detemento cando corresponda.

VOTACIÓN E ACORDO: Con tres votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e con vinte e dous votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego (Presidencia), e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 3.06.2014 (Rex. Nº 902/1101), pola voceira

do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(99).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de maio e 26 de xuño de 2014.

1.2(100).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de maio e 26 de xuño de 2014.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(101).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A OFRECER ESPAZOS PÚBLICOS EN ZONAS VERDES A ARTISTAS ESCULTORES QUE DESEXEN EXPOR TEMPORALMENTE A SÚA OBRA. EXPTE. 905/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2014, número 905/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte,

MOCIÓN

Entendendo que temos espazos e contornos verdes, como parques, xardíns, rotondas que poden incrementar o seu atractivo coa aportación de elementos culturais, e coñecendo o difícil momento que está a vivir o mundo do arte, tanto o consolidado como os dos xóvenes valores, o Concello podería tomar a iniciativa de conveniar a cesión temporal de espazos públicos para a colocación de obra escultórica.

Fai anos que por motivos orzamentarios o arte na rúa cada día é máis difícil atopalo. Atrás quedaron xa, consolidadas por certo, as esculturas dos Cabalos e a árbore de bicentenario de Oliveira, o monumento ao traballo de Ramón Conde, o Sireno de Leiro, a Porta do Atlántico de Silverio Rivas, as tres pezas de Leiro do nadador, Julio Verne, os peixes do paseo do mesmo nome de Bouzas de José Molares, e a alegoría aos trobadores de Quesada.

Hoxe temos a oportunidade de impulsar unha iniciativa que non ten custo e pode

supoñer a presenza de escultura na rúa. Xardíns como os do Castro, Castrelos, A Guía, Navia e Samil, rotondas como as do novo Navia sen axardinar, pradeiras como as de Coia, poden ser exemplos de "acollida" deste tipo de accións.

A imaxinación queda nas mans dos artistas para traballar a pedra, o ferro, a madeira o calquera material que puidera ser obxecto de modelarse por calquer artista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

"Que o goberno municipal ofrezca espazos públicos en zonas verdes a artistas escultores que desexen expor temporalmente a súa obra. E que sexa unha comisión formada por técnicos e representantes de grupos políticos seleccionen as obras e a súas ubicacións."

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 23 de xuño de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: En primeiro lugar quero agradecer ao meu compañeiro Sr. Relova, a oportunidade que me cede ao defender esta moción que abarca tamén as súas competencias xa que para o grupo municipal do Partido Popular, o Sr. Relova é o noso referente cultural e artístico.

A iniciativa que hoxe presentamos pretende ir un pouco máis alá da oferta que dende o Concello facilítase a quen utilizan as zonas verdes ou gozan delas, ofrecéndolles un maior atractivo coa achega de elementos culturais a ese lugares. Sería o Concello de Vigo, neste caso, quen poría estes espazos públicos á disposición de tódolos aqueles artistas, escultores mozos ou consolidados que quixeran acoller esta idea e dende o escaparate público dun parque, duns xardíns, dunha zona verde presentar a súa obra á vista de todo o mundo.

Esta idea xorde de comprobar o pouco aproveitados que se atopan algúns espazos verdes da cidade que cambiarían a súa fisionomía se albergasen obras que aportasen un aliciente cultural á vista dos cidadáns, idea que foi tamén exposta cunha serie de colectivos que a valoraron con bos ollos. Tendo en conta ademais que no momento actual dispoñer de orzamento para adquirir obras escultóricas

resulta moi complexo e complicado, estaríamos dándolle a oportunidade a estes artistas de trasladar o seu arte á rúa de maneira temporal, dando a coñecer a súa obra e recollendo ao mesmo tempo a valoración deses traballos.

Con esta iniciativa o Concello de Vigo faría o mesmo que está facendo na actualidade coas salas de exposicións de pintura e pequena escultura que pon a disposición durante todo o ano dos artistas que pretenden expoñer neste lugares. Neste caso e ao poder tratarse de pezas de certa envergadura e de peso considerable, se falamos de escultura de pedra, ferro, bronce, madeira e outros materiais, necesitan un entorno de fácil acceso para a súa ubicación e metros tamén en ocasións, para a súa exposición. Os lugares que poden estar na idea de todos, pero seguindo a intencionalidade da moción de enriquecer zonas de esparcemento e de goce dos cidadáns lévannos a propoñer lugares e ubicacións como os grandes parques do Castro, A Guía, Castrelos, Navia, A Riouxa en Teis, a Lengua Verde de Coia dende a Praza de América ata os volcáns, o bosque da praia de Samil, a alameda de Bouzas e nalgunha rotonda que tanto proliferaron e algunhas continúan sen axardinar. Habería que buscar lugares de maneira que tódolos barrios e parroquias se a presentación por parte dos artistas é numerosa tivesen a oportunidade de albergar algunha destas esculturas. Para articular todo este proxecto debe tomar a iniciativa o propio goberno municipal creando un grupo de traballo que composto por técnicos tanto en medio ambiente como en xardíns, arte, fundamentalmente xunto con algún representante dos grupos políticos que coordinen unha convocatoria atractiva que poda representar un aliciente para estes artistas que queiran ceder as súas obras, reitero de maneira temporal á cidade.

Este grupo sería o encargado de valorar todos eses traballos presentados e así como rexeitar tamén os que non cumpran uns requisitos mínimos e propoñerían as posibles ubicacións. Na actualidade hai que lembrar que en Vigo xa existe un único proxecto destas características aínda que con algún matiz, como é a escultura que se encontra situada na rotonda de travesía de Vigo, "Ventus do Mar" obra de don José María Barreiro, que mediante convenio asinado no seu día co goberno da Sra. Porro, leva anos sendo parte da paisaxe daquel entorno.

Facendo historia, un dos poucos libros editados sobre os monumentos de Vigo que é obra do cronista oficial da cidade, o Sr. Lalo Vázquez Gil que recolle fotograficamente 84 monumentos e esculturas que van dende os monumentos

históricos adicados a Méndez Núñez, Elduayen, Curros Enríquez, ao heroes da reconquista, evolucionou esta situación de pezas na cidade dando acubillo ás últimas como as esculturas do Sr. Leiro na zona portuaria, os Peixes en Bouzas, a Columna en homenaxe aos mariñeiros mortos, a alegoría aos trovadores do Sr. Quesada, e a escultura ao Bicentenario entre outros. Cremos e entendemos que o arte debe seguir crescendo na rúa, que na maioría da posibilidade da administración, debe ser público e compartido con tódolos cidadáns, por iso cremos que con estes precedentes temos que seguir apostando por ofrecer estes atractivos culturais encadrados neses espazos que hai que lembrar, que nin moito menos están niquelados como se nos dixo no seu momento.

SR. ALONSO PÉREZ: Os rapaces/as dos anos 50 e 60 da zona da Rola, do Couto, do Barrio de Ribadavia que tiñamos que ir ao Calvario, na prolongación de San Roque sorprendíanos unha visión que nos marcou que é como o que inicialmente era pedra sen forma ía transformándose da man do Sr. Camilo Nogueira, pai, e como cada día que pasábamos víamos aquela pedra que ía tomando forma, iso marcounos da importancia que ten a escultura neste caso de pedra e ademais creou en nós unha necesidade de seguir abrindo os ollos a outras actividades artísticas que se daban na escultura. Camilo Nogueira tiña o seu taller na prolongación de San Roque e coincidindo con estas épocas da primavera e do principio do verán, quitaba as esculturas á rúa. Por iso, a min cando me tocou a responsabilidade en Deportes e vin unha escultura dun escudo da cidade rota e tirada por desidia na porta, nos xardíns do pavillón do Carmen, trasladei aquela escultura do escudo de Vigo a apoio, cun acordo coa Deputación de Pontevedra para que a Escola de Canteiros recuperara ese escudo e hoxe está presidindo o pavillón de Navia. Entón eu creo que efectivamente ese tipo de levar a rúa esculturas na cidade, é un bo exemplo e traballo, e ademais debemos de facelo de maneira que os rapaces/as vexan todo o proceso de construción artística porque as veces parece que as obras de arte caen nunha praza, na que vexan e observen a posibilidade da transformación, creo que é un exemplo bo, como facía a Bienal, nos anos que se fixo a Bienal de Valladares que levou as rapaces/as das escolas a ver como se construían esculturas de pedras no barrio.

Por iso nós ímonos sumar a esta proposta pero imos facer unha emenda para evitar

ademais que decisións un tanto peregrinas como era que se trasladara por parte do Goberno o barco Alfageme á praza de Coia que afortunadamente por motivos económicos e de fora de lugar iso quedou esgotado despois dunha intervención do Bloque Nacionalista Galego e atendendo á demanda dos veciños do Coia, pensamos que efectivamente retomar a Bienal de Valladares é unha boa alternativa, ímonos sumar á moción do Partido Popular cunha emenda de engádeda que di: “instar á Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra apoiar aquelas iniciativas destinadas a promover a escultura como por exemplo a Bienal organizada polo centro veciñal e cultural de Valladares”.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Gracias Sr. Bernárdez por esta moción, unha moción na que non podemos estar máis de acordo porque é a oportunidade de optimizar os recursos públicos, neste caso espazos públicos para poder expoñer obra artística e cultural. Creo que nese sentido hai que lembrar creo que tamén o fixo dalgunha forma esta preocupación e este programa se existe na actualidade, non no ámbito do que é a escultura pero si no ámbito do que é outras formas artísticas como pode ser a pintura etc., basta lembrar como incluso aquí na galería da Alcaldía converteuse nun espazo de difusión artística para todo tipo de artistas que queiran programar cun criterio de selección básico.

Por outra banda, creo que o exemplo da reforma da rúa Pintor Colmeiro foi un éxito que eu agradezo persoalmente a sensibilidade do Concelleiro de Fomento non só do que é a humanización da mesma esplendidamente senón de colocarse a identidade do autor fundamental na nosa pintura, polo tanto eu creo que si existe esa preocupación de optimizar como existe na Casa das artes onde realmente se converte un espazo singular para toda a exposición como vostede mesmo recoñeceu.

Polo tanto, nada que opoñerse a esta proposta unicamente en algo que realmente nos impediría a este grupo municipal do Partido Socialista apoiala que sería, no que se refire á proposta que fan vostedes e que sexa unha comisión formada por técnicos e representantes dos grupos políticos que seleccionen as obras e as súas situacións. Creo Sr. Bernárdez que isto é innecesario por un motivo, porque rompería coa dinámica dos criterios de selección que se fan para seleccionar as obras que concorren noutros espazos por exemplo na Casa das Artes, onde hai

unha comisión técnica que é a que prioriza e a que pon en tempo e lugar cada unha das exposición que solicitan os diferentes artistas, creo que sería romper con esta cultura que existe neste departamento, de que sexan realmente criterios técnicos obxectivos para priorizar e seleccionar as obras.

Por outra banda, non cabe dúbida que habería unha ruptura con algo que creo que é esencial que é co tema da división de responsabilidades que debe presidir calquera actuación na ámbito da administración, creo que corresponde neste caso ao Goberno Municipal lexitimamente elixido e delegando na concellería a xestión destes temas e polo tanto sería romper realmente asumindo a petición que fan vostedes desta comisión, sería dalgunha forma romper ese concepto de división de responsabilidades que nos compete. Polo tanto, creo que non sería un bo precedente porque automaticamente tería que ser unha forma de actuación, xa non só no ámbito desta responsabilidades senón noutras. Polo tanto, si que estamos de acordo coa proposta súa que é interesante e que ratificamos pero consideramos, polo menos non procedente ou innecesaria a creación desta comisión "ad hoc" para este tema. Estamos de acordo e nos solidarizamos coa emenda do segundo punto que propón o Bloque Nacionalista Galego introducir nesta moción.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Como comprenderán os señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego ante ofertas, posibilidades, iniciativas culturais deste tipo que rozan tamén con actuacións medio ambientais as portas, as fiestras e se é necesario os tellados da casa non teñen que pecharse teñen que abrirse, de aí que non vaíamos a poñer ningún tipo de obxección, todo o contrario aceptamos calquera das emendas que presentaron tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista, polo tanto acollémolas no seno da nosa moción, esta é a forma que ten de actuar do Partido Popular, de aportar iniciativas que poidan enriquecer tódolos ámbitos e tódalas actuacións do Goberno Municipal e desta maneira unha única advertencia, que unha vez aprobada a moción que non quede no esquecemento e unha vez que chegue ao departamento correspondente que se poidan poñer a quen lles corresponda mans á obra para que este proxecto poida ir adiante máis temperán que tarde. Reitero, este mundo e esta sociedade quere seguir enriquecéndose con este tipo de achegas culturais e artísticas como

manifestaría e compartiría o meu compañeiro o Sr. Relova.

PRESIDENCIA: Unha vez que o grupo propoñente ten afirmado que vai admitir as emendas presentadas, unha do Grupo Municipal do Partido Socialista que propón suprimir o seguinte texto “que sexa unha comisión formada por técnicos representantes de grupos políticos seleccionen as obras e as súas situacións”. Pasamos a votar esta emenda.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, presenta a seguinte emenda de engádeda,

Engadir un segundo punto co seguinte texto:

“2.- Instar ao Concello de Vigo e á Deputación de Pontevedra a apoiar aquelas iniciativas destinadas a promover a escultura, como por exemplo a Bienal organizada polo Centro Veciñal e Cultural de Valladares”.

Así mesmo o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Rodríguez Escudero, presenta a seguinte emenda de supresión,

Proponse suprimir o seguinte texto:

"E que sexa unha comisión formada por técnicos e representantes de grupos políticos seleccionen as obras e as súas ubicacións."

Ao seren aceptadas as anteriores emendas polo relator da moción, Sr. Bernárdez de Dios, a Presidencia somete a votación ditas emendas.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO DO BNG: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobada a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO SOCIALISTA: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobada a emenda de supresión.

VOTACIÓN DA MOCION: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.06.2014 (Rex. Nº 905/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, coa emendas do grupo municipal do BNG e Socialista, quedando o seguinte texto:

- 1.- Que o goberno municipal ofrezca espazos públicos en zonas verdes a artistas escultores que desexen expor temporalmente a súa obra.
- 2.- Instar ao Concello de Vigo e á Deputación de Pontevedra a apoiar aquelas iniciativas destinadas a promover a escultura, como por exemplo a Bienal organizada polo Centro Veciñal e Cultural de Valladares

4.2(102).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL AO MANTEMENTO DOS ESPAZOS E RÚAS DO CENTRO DA CIDADE QUE FORON HUMANIZADOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 906/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2014, número 906/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

MOCIÓN

A transformación da zona urbana de Vigo que ven desenvolvéndose dende hai dez anos co cambio de beirarrúas, novos aparcadoiros públicos, ampliación de parques e cambios de sentido no tráfico, merece atención diaria e plans de mantemento que sexan constantes para evitar a desfeita total e o deterioro absoluto debido ao

seu uso.

Dado que este concello carece deles ou non os aplica, observamos cómo obras feitas hai tres ou máis anos están en fase de deterioro absoluto. Cada día que pasa incrementábase o custe de reparación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

“Instar ao goberno municipal ao mantemento dos espazos e rúas do centro da cidade que foron humanizados hai máis de tres anos e ampliar o prazo de garantía coas empresas adxudicatarias dos novos contratos de urbanización e humanización das rúas.”

A Comisión Informativa de Fomento, na súa sesión ordinaria do 23 de xuño de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que dende que presentamos a moción ata hoxe cambiou en certo modo o panorama porque o venres en Xunta de Goberno Local aprobaron un plan a catro anos para o mantemento sen especificar demasiado a que rúas consistirá e un pouco como vai, nós como sempre insistimos que neste tema son parches de tódalas formas se a moción serviu para quizais axilizar ou acelerar o procedemento de contratación do mantemento, alegrámonos como pasa en moitas ocasións con moitas propostas do Partido Popular que saen adiante.

En principio esta moción quere incidir na falla de mantemento e na cantidade de viais porque claro aquí adxudícanse moitas obras e fanse moitas obras obras de humanización pero despois quedan un pouco abandonadas e sobre todo xa en breve espazo de tempo teñen que ser reparadas e a nós iso parécenos que debería terse un pouco previsto na adxudicación da propia obra, teñen convertido a área de fomento nun gabinete de anuncios de grandes infraestruturas e proclamas pero o máis importe que ter as zonas máis ou menos todas equitativas e en igualdade de condicións para os veciños, isto non se cumpre, nós insistimos sempre na primeira,

segunda e terceira división de determinadas rúas e zonas da cidade.

Con isto, podendo estar en ocasións ademais todas máis equiparadas, referímonos nun primeiro lugar, porque nos xa temos recibido moitas peticións, suxestións de veciños e xa o temos dito en roldas de prensa, pero parécenos que coa presentación da moción poderíamos ter concretado determinados asuntos e por exemplo, nas rúas da zona central de Vigo, o que poderíamos denominar unha mazá principal da cidade deixouse ao abandono obras por parte deste goberno de maior calado e entón falamos por exemplo, da zona segunda do Paseo de Alfonso, Velázquez Moreno, Marqués de Valladares, María Berdiales, Carral, García Olloqui, toda esa zona que parecía un campo de batalla, é dicir, adxudicando obras para humanizar determinadas zonas que quizais non tiñan tanta necesidade dese mantemento, deixaron ao abandono estas rúas, e que pasou? Que despois na adxudicación doutras obras que xa se fixeron hai tres anos, agora vemos os mesmos problemas: roturas na rúa Progreso, na rúa Príncipe, roturas da zona do pavimento que fan pois moi incómodo o paseo, o tránsito tanto de peóns como de vehículos. Como sei que vostedes, Sr. Regades, como xa debatemos noutras ocasións vai empezar a numerar rúas e obras previstas de todo o que fixeron e iso creo que xa o sabemos porque o anuncian bastante na prensa, e a nós gustaríanos que vostede tome conciencia un pouco deste problema, que sexa un pouco consciente de que isto existe, que é necesario axustarse un pouco a este tema e ter planificado este mantemento e nós incluimos tamén na moción o que é contemplar a cidade no seu conxunto xeral, mantida decente acorde cos orzamentos e os cartos que se poidan dispoñer.

Tamén nós metemos aquí o que é o Plan de garantía de adxudicación de cada obra, porque darlle un prazo de doce meses ás obras de humanización dunha rúa cando sabemos que as condicións meteorolóxicas e o soporte de tráfico que ao mellor propoñen algunhas rúas desta cidade sabemos que nun ano quizais poidan ter algunha deficiencia e estaría ben amplialas, que a propia empresa que fai a obra se fixera cargo xa directamente do que é o propio mantemento, aguantar e optimizar o que é o gasto público nese tipo de obras. Observamos como dixer, que non só nas que xa se fixeron hai máis de dez anos, case cando empezou a transformación desta cidade, nove ou dez anos que empezamos a peatonalizar algunhas zonas, a verdade é que a cidade si sufriu unha transformación, está ben dicir que as zonas

humanizadas tamén de mellor calidade foron nas adxudicacións dos aparcadoiros en superficie e temos zonas como por exemplo é unha parte de García Barbón e Policarpo Sanz que está fantástica e unha segunda parte de García Barbón que está que parece unha cova, entón quero dicir que esas diferencias nótanse moito e fan que a cidade quede un pouco distorsionada do que é a realidade.

Xa que estar a adxudicar tantas obras e que permite como dixen, garantía de doce meses e a lei permite ampliar isto case ata quince anos, pois estaría ben que se revisara un pouco iso, que se propuxese con outro período de garantía e puidéramos manter que as obras que se fan nesta cidade se puideran manter a maior tempo.

Despois incluímos queixas concretas dalgúns veciños que é verdade que xa presentamos tamén en moción o que é un plan de asfaltado porque é moi necesario e non só a golpe de improvisación senón telo proposto no seu conxunto na cidade.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sra. Egerique, de toda a cidade non falan vostedes, desas rúas que vostede cataloga de segunda e terceira non falan vostedes na moción, é dicir, nas mocións cando se traen ao Pleno o que vale e o que vostedes poñen á votación, é dicir, a resolución, e aquí falan exactamente de instar ao goberno municipal ao mantemento dos espazos e rúas do centro da cidade que foron humanizadas, iso é do que fala a moción seguindo a estela da alcaldesa, cando foi alcaldesa, a súa compañeira a Sra. Porro, que efectivamente reformou algunhas rúas precisamente do centro da cidade. A nós preocúpanos máis que o centro da cidade, xa lle anuncio que imos votar a favor pero cando o Bloque Nacionalista Galego tivo que negociar e negociou os orzamentos de hai un ano, o Bloque Nacionalista Galego esixiulle a este goberno que parte da partida que tiña previsto para facer humanizacións, unha parte diso fora a un plan especial de mantemento e axeitamento dos barrios e parroquias da nosa cidade. Vostedes traen hoxe aquí o mantemento das rúas do centro de cidade, etc. vou estar de acordo con vostede nun tema, efectivamente a transformación e humanización desta cidade levouse a cabo hai case dez anos, a pesar do Partido Popular que quería que pola Independencia pasara o tráfico, e que quería que polo Calvario pasara o tráfico, ten vostede razón, a transformación desta cidade iniciouse cun

alcalde nacionalista a pesares do pronunciamento en contra que sempre tivo o Partido Popular e o Partido Socialista tamén nalgún momento.

Polo tanto, aquí falan vostedes do centro da cidade pero permítanme que agora me dirixa ao Sr. Fidalgo, vostede que negociou nos Orzamentos? Porque ademais creo que vostede negociaba precisamente co destinatario desta moción, que negociaron vostedes, ou sexa, acaban de aprobar uns Orzamentos e agora a súa compañeira ven falando de que haber se hai partidas nos Orzamentos para que se manteñan as rúas, pero que negociaron vostedes? Pero de verdade que cando o Partido Popular se senta diante do responsable de Fomento non lle esixe que nos Orzamentos aparezan contemplados algo tan elemental e de tal alta necesidade como é o mantemento das rúas, non do centro, senón de toda a cidade. Entón en todas esas reunións, a min gustaríame que algún día non agora, me contaran que é o que negociaron? Porque aumentar o gasto social non o negociaron porque non o aumentaron, aumentar o gasto para emprego non o aumentaron e resulta que agora estannos dicindo que negociar o máis elemental para unha cidade que é o seu mantemento das rúas, como pode ser efectivamente outras necesidades de servizos públicos básicos, vostedes non o negociaron e repito tiña diante ao responsable de Fomento, co cal o que hai que facer e estou de acordo coa Sra. Egerique, hai que planificar, e este goberno municipal ten que planificar, ten que atender aos barrios e parroquias e ao centro da cidade, pero non como di a Sra. Egerique, contratando, externalizando, privatización unha vez máis ao mantemento, este Goberno Municipal ten que poñer en marcha brigadas de intervención rápidas nos barrios e no centro de Vigo como as que tiñamos no Casco Vello, dar emprego directo á cidadanía, á xente da nosa cidade e que ese emprego directo repercuta no que está pedindo o Partido Popular, e que nós si esiximos na negociación dun Orzamento como foi establecer un verdadeiro Plan de actuación e mantemento nos barrios e parroquias. Polo tanto, foi unha pena que perderan tanto tempo en negociar para que logo teñan que vir despois de 15 días a pedir algo tan elemental ao goberno municipal como o mantemento das nosa rúas.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Eu creo que tódalas mocións son importantes e o debate sosegado e tranquilo deste Pleno é tamén importante. Hai unha frase que di o Sr. Zapatero que “a política ten que ser o campo das ideas e non o campo das

batallas”, co cal eu creo que falar das ideas de cidade, a idea que ten a Sra. Egerique do Partido Popular sobre a cidade, a idea que ten o Sr. Domínguez sobre a cidade, a idea que teñen os vigueses/as porque aquí, vostedes e nós, somos representantes de cidadás/ans desta cidade, que votaron libre e democraticamente, é un tema moi importante. Creo que chegamos a un punto de encontro, a un punto en común cando o Alcalde de Vigo o Sr. Abel Caballero dicía que tiñamos que humanizar as rúas, seguir traballando nas parroquias e no centro da cidade, no casco urbano, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular dicían que non seguירamos investindo en humanizacións, nas rúas. Vemos que todo iso xirou e que agora tanto o Partido Popular como o Bloque Nacionalista Galego nos piden e nos esixen que traballemos pola cidade e que sigamos transformando esta cidade que cada día é máis fermosa.

Non lle vou nomear rúas esta vez Sra. Egerique, tiña que sorprendela entón eu creo que a sorpresa é que no lle vou nomear rúas porque como vostede di a actuación de Vigo estes últimos anos foi abafadora e transformouse esta cidade de forma moi importante, pero se lle vou falar doutras cousas, doutros datos, o número de rúas executadas nestes sete anos foron 300, o número de quilómetros humanizados nestes últimos sete anos foron 90 quilómetros, e como se fósemos a Santiago de Compostela por unha rúa completamente humanizada. O número de quilómetros de redes de saneamento e de redes pluviais executadas nesta cidade era de 100 quilómetros, o número de quilómetros de redes de abastecemento executadas 54, o número de emprego, Sr. Domínguez, que é tan importante nesta cidade e hai que tratalo con rigor e sobre todo como tamén di o Alcalde con políticas “keynesianas”, investir pero sobre todo para xerar emprego, os empregos xerados nestes últimos sete anos parte deles, catro foron en goberno de coalición co Bloque Nacionalista Galego de 17.000 empregos, que tamén o Bloque Nacionalista Galego contribuíu dende o Goberno a transformar esta cidade.

O primeiro ano de Goberno deste segundo mandato investíronse en humanizacións 14.309 millóns de euros, o segundo ano preto dos 20 millóns e o terceiro ano preto 23.389 millóns, é un investimento importante, é o maior investimento da historia na transformación da cidade, unha transformación que como dicía antes non só foi de embelecemento senón foi unha transformación integral cambiando o que está debaixo do asfalto e non se ve, cousa que outros goberno non víamos como

sufrimos na rúa Marques de Valladares que vimos un sumidoiro de pedra de principios do século XX e non como agora que se fai unha renovación integral do subsolo tamén.

Sobre o cumprimento das garantías nas obras que dicía a Sra. Egerique, en relación co mantemento das humanizacións están iniciados tódolos expedientes como ben dicía aprobados na última Xunta de Goberno realizada o pasado venres.

Asi mesmo, a día de hoxe as obras e o prazo de garantías que se fai necesario fanse cun traballo de mantemento e desenvolvemento correspondente a este expediente, falábamos de garantías e dicíamos que a lei do Estado obriga a unha garantía de doce meses, dun ano, todas estas garantías nas obras adxudicadas polo Concello de Vigo víronse superadas con creces, a rúa Coruña ten unha garantía de 78 meses, a rúa Aragón ten unha garantía de 66 meses, a rúa Sanjurjo Badía ten unha garantía de 66 meses, a rúa Simón Bolívar ten unha garantía de 48 meses, a rúa Venezuela 48, Salvaterra 48, rúa Cangas 48, Menéndez Pelayo 60, rúa Brasil 60, Martínez Garrido 60, Jenaro de la Fuente 60 e Marqués de Valladares 108 meses, destes datos despréndese que os prazos de garantía das obras alcanzadas son valores moi altos, moito máis altos do mínimo que marca a lei, os pregos recollen de acordo coa lei de contratos do Estado un prazo de garantía mínimo de doce meses a través do proceso de contratación os prazos son aumentados neste Concello de forma moi importante como vimos a describir.

PRESIDENCIA: Como vexo no público cara de sorpresa e na oposición tamén, esta claro que o Sr. Regades equivocouse cando falou de 14.000 millóns de euros, son catorce para que quede claro.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que non conseguíu sorprendeme porque ao final tivo tirar de listado de rúas, nós xa o sabíamos, ninguén nega aquí que vostedes estean facendo obras e humanizacións de rúas, pero si é verdade que nós planificamos e pensamos a longo prazo e a realidade xeográfica desta cidade é diferente, por iso planificamos e contestándolle a o Sr. Domínguez un pouco por alusións, nós trouxemos aquí tamén un plan concreto para parroquias porque sabemos que o tratamento desas zonas é diferente e hoxe toca esa parte, que pactamos nós Orzamentos? Unha baixada de impostos, o remate do hospital

público de Vigo, un plan para a parroquias, a posibilidade de cobrar auga por tramos, a cidade da xustiza, o transporte metropolitano, etc., moitas cousas pactamos nos Orzamentos e nós agora como planificamos e Vigo non é o “Monopoly”, non vai por rúas que si custan ou non custan, nós queremos un Vigo concreto, común e planificado e que estea acorde coas realidades e necesidades que necesita, valga a redundancia, neste caso a moción si é verdade que na parte centro da cidade, en rúas que sabemos que foron humanizadas ou urbanizadas hai tempo e que se abandonaron un pouco ata quedar case como campos de batalla. Nese senso nós incidimos neste tema, cos prazos de garantía, xa sabía que vostede traería unha cantas obras pero nas 200 ou 300 obras que fixeron hai moitas que só teñen doce meses de prazo e que a lei permite ampliar o prazo de garantía e que aforraría moitos cartos probablemente e quedarían as rúas mellor humanizadas. Para rematar dicir que o Partido Popular neste caso, sempre falou das humanizacións nun sentido en que a transformación desta cidade era necesaria pero hai que ter en conta moitas das humanizacións que se fixeron noutros mandatos, un modelo de cidade que comezou a variar como di o Sr. Domínguez hai dez, e non en contra ou a favor senón un modelo de cidade que eu creo agora está un pouco perdida, agora si que se vai humanizando rúas a golpe de “Monopoly” como digo eu, ou sexa onde haxa un número determinado de edificios entón se que hai que clarificar máis e facer as obras de humanizacións cun pouco máis de sentido e despois mantelas que é o que ven esta moción a colación.

PRESIDENCIA: Sen ánimo de intervir máis do que me debería corresponder, simplemente porque é importante, os cidadáns de Vigo non poden estar enganados, hoxe aquí se dixo que neste Orzamento non se aumentaron as partidas sociais e é absolutamente falso, aumentáronse nun 22,52% en relación co ano anterior no que se habían acordado co Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, que os cidadáns saiban que é falso que non se acordou aumentos nas políticas sociais. Tamén que somos o Concello de Galicia que adica máis cartos a políticas de emprego, 5,5 millóns de euros, dígoo porque os cidadáns teñen que saber a verdade e non se pode vir aquí a dicir cousas que non son certas.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.06.2014 (Rex. Nº 906/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(103).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REALIZAR REUNIÓNS DE SEGUIMENTO COS TÉCNICOS MUNICIPAIS PARA APOIAR E PROMOCIONAR O SECTOR DO TAXI. EXPTE. 907/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2014, número 907/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

Sendo coñecedores da grave situación que vive o sector do taxi na nosa cidade debido as modificacións estruturais sufridas nalgunhas zonas da nosa cidade, a profunda crise económica que se está a vivir que está a modificar os hábitos dos vigueses e a falta de plans específicos de promoción e apoio a este sector.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo ten denunciado esta situación en varias roldas de prensa e ten reclamado o grupo de goberno a redacción e implantación dun Plan de Transporte Municipal onde se inclúa o sector do taxi, moción que foi aprobada por maioría en sesión plenaria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

“Instar ao goberno municipal a que realice reunións de seguimento cos técnicos municipais para implantar medidas de estruturación, apoio e promoción do sector do taxi, de acordo co sector”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 23 de xuño de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. ARAÚJO PEREIRA: Quero empezar a miña moción incidindo nunha frase, nun título dunha charla que da hoxe a nosa querida Ministra a Sra. Ana Pastor que di: “o transporte é un motor fundamental e clave para a economía local, rexional e nacional” isto pon de releve a importancia que ten o transporte e como non dentro do transporte a mobilidade do sector do taxi.

No grupo municipal estamos moi preocupados polo estado do sector do taxi, 553 licencias temos en Vigo, iso quere dicir que 553 viven do sector do taxi, isto afecta sobre 2.000 persoas que viven deste sector e que xera postos indirectos como é en gasolineras, en talleres, concesionarios, etc. é verdade que ten unha importancia relevante na cidade, quero que a presidenta lle traslade ao Sr. Alcalde que é importante que incida e lle pida ao responsable da área que tome as iniciativas pertinentes para a potenciación e apoio a este sector clave para a nosa cidade, a súa economía e mobilidade. O 20 de novembro de 2013, anunciouse publicamente por parte deste grupo municipal, que o prazo dun ano para elaborar a nova ordenanza de acordo coa normativa autonómica xa vencera. O venres pasado comezou por fin, o trámite administrativo en Xunta de Goberno para a aprobación da ordenanza municipal que regula o servizo de transporte público en taxi, o que temos que ter claro é que isto é un servizo público, xestiónase de forma indirecta por entidades empresariais, baixo o formato de traballadores autónomos e non entendemos cal é o sentido do agravio comparativo respecto aos apoios que recibe o Goberno Municipal, este transporte público respecto ao transporte público colectivo da cidade que cremos que hai que apoiar a ámbolos, é bo que se apoie o transporte colectivo pero tamén ao sector do taxi.

Despois de revisala documentación que pasou por Xunta de Goberno Local, sobre a Ordenanza reguladora do Taxi, pensamos dende o Grupo Municipal do Partido Popular que é bastante mellorable, co cal nós o que propoñemos é que o Goberno

actual aproveite esta magnífica oportunidade e durante o período de exposición pública e alegacións, a mellore porque é para bastantes anos, que sirva de axuda para promocionar e incentivar o sector tan mal tratado como é este na cidade.

O Grupo Municipal do Partido Popular despois de conversas e reunións con representantes do sector ten pechado un programa de propostas para mellorar a situación do sector e presentámolo ultimamente en medios e recolle como non as melloras que propón o propio sector como non poder doutra maneira. Tras repasar a situación actual que vive o sector podemos asegurar que o taxi en Vigo está polo chan, tanto pola crise como a total desatención por parte do Goberno Municipal que non adopta ningunha iniciativa para potenciar este servizo público como é a súa responsabilidade. Por isto, nos propoñemos e instamos ao Goberno Municipal a que faga reunións de seguimento con representantes do sector, técnicos municipais, para implantar medidas de estruturación, apoio e promoción do sector ademais de aproveitar a oportunidade para mellorar a Ordenanza que se atopa en fase inicial de aprobación.

SRA. VELOSO RÍOS: Vou ser moi breve, nós coincidimos coa necesidade de que calquera medida que se tome con respecto a calquera sector económico ou social da cidade sexa sempre dialogado e consensuado co propio sector e por suposto tamén no caso do taxi. Tamén compartimos a análise sobre a situación que está atravesando de grande dificultade e polo tanto tamén nos parece oportuno que se implanten tódalas medidas posibles para axudar ao sector do taxi e ás familias que son máis, seguramente, desas cincocentas e pico que viven do sector do taxi, ao mesmo tempo que poidamos garantir un servizo de calidade para a cidadanía viguesa. Nese sentido nós, despois de manifestar a posición favorable a esta moción, si que nos gustaría sinalar unha perda que a nós parécenos moi importante para esta cidade a que se chegou precisamente co acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista que foi a desaparición dos Orzamentos desta cidade do bono taxi, que era unha medida que tiña unha dobre función, por unha banda é unha medida precisamente das que fala o Partido Popular, de impulso de oportunidade para o propio sector do taxi e por outra banda é unha medida que corrixa a desigualdade de acceso dunha parte da cidadanía a un servizo público básico como é do transporte, e o bono taxi cumpría esta dobre función, cuns

recursos do Concello relativamente pequenos para o beneficio social e económico que producía, favorecíase o desenvolvemento do sector do taxi e promovíase o acceso de persoas con discapacidade e con serias dificultades de mobilidade a un servizo de transporte público como é o taxi. Ese bono taxi desaparece dos Orzamentos que se aprobaron hai quince días, e quitouse de feito a convocatoria cando aínda estaban en vigor os Orzamentos prorrogados do ano pasado, porque este ano houbo convocatoria que se fixo cando estaban prorrogados os Orzamentos do ano pasado, e é unha mágoa que o Partido Popular no momento da negociación, non vou dirixirme outra vez ao Sr. Fidalgo porque xa o fixo o Sr. Domínguez, non se acordaran vostedes de manter a partida do bono taxi para os Orzamentos que están agora mesmo en vigor.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Cando o Partido Popular nos fala de reunións cos colectivos, dicirille que este goberno ten reunións periódicas, este propio concelleiro e o servizo, con representantes do sector para atender as súas solicitudes de forma mensual, pero non só iso, temos unha reunión coa xefa de servizo de transportes, funcionaria municipal, tódalas semanas co sector, para seguilo, analízalo, tratar os temas que xurdan neles e non só iso, buscando solucións.

Sr. Araújo, dicíanos que por que esta Ordenanza leva atraso nesta cidade, Sr. Araújo esta Ordenanza leva atraso en tódalas cidade de Galicia e nós somos os primeiros, e somos os primeiros porque a lei como vostede leu, e creo que xa o faláramos noutras ocasións, a lei dicía que tiña certas condicións que se ían regular a través dun decreto, certas situacións importantes como é o número de licencias que ten que levar e que ten que ter cada taxista, como é o horario e o sistema de vacacións. Nós fomos valentes, porque cremos que o sector do taxi en Vigo non pode ser un sector especulativo, e cremos só pode haber unha licenza por cada autotaxi, e cremos tamén que non pode haber esa especulación de ter unha persoa a licenza para especular con ela, cremos nos empresarios, nos taxis con empresarios, entón un taxi ten que traballalo o taxista e pode ter un asalariado, non esa ambigüidade que di a lei autonómica que lle falla ese desenvolvemento que dicíamos antes, por iso estivemos esperando por el, pero como non chegaba e como cremos que nós tiñamos unha Ordenanza de máis de vinte anos deberíamos actualizala porque o sector así nolo solicitaba.

Cando vostedes nos din que se falamos cos sectores ou non, este é un goberno que fala moito e sobre todo que escoita moito, aos colectivos, as veciñas, aos veciños, aos traballadores/as e tamén aos empresarios. O 2 de outubro circulamos e publicamos na páxina web e remitido a tódolos colectivos do taxi da cidade esta ordenanza e tódolos colectivos como podíamos ler estes días nos medios de comunicación fixeron alegacións, algunhas delas alegacións que nós cremos que foron oportunas e que foron sensatas e que incorporamos como non pode ser doutra forma a esa lei. Seguramente Sr. Araújo se vostede fixera algunha achega nós tamén o houbésemos asumido porque cremos que na cidade non sobra ninguén senón que todos sumamos, pero unha ordenanza do ano 94, vinte anos despois necesitaba ser cambiada polo que dicíamos antes, porque o taxi non pode ser especulativo, pero necesitaba estar cambiada porque a situación económica nestes momentos fai que a renovación dos taxis só puidera ser con vehículos novos, e nós cremos que iso había que cambialo. Pódese renovar o taxi, pódese cambiar o taxi, agora xa non por un vehículo novo, por un de segunda man, sempre cunhas condicións óptimas, é dicir, que non teña máis de dous anos e máis de 20.000 quilómetros e iso vai facilitar que se renove unha flota de taxis na cidade, que así nolo pedían eles que crían que tiñan que ser renovadas.

Nestes momentos eu diríalles ao Partido Popular que nos dicía que aquí xa se podía aplicar o vehículo quilómetros cero, non, nestes momentos coa Ordenanza que temos non se pode aplicar, temos que aplicalo na nova Ordenanza. Unha Ordenanza do taxi, tratada, consensuada, falada, regulada e sobre todo con moitos colectivos, eu se que lle pido unha cousa Sr. Araújo, a cidade faise sumando e non dividindo, e como dicían os colectivos porque as dúas asociacións máis importantes da cidade, unha maioritaria e outra máis testemuñal, pero as dúas dicían que esta Ordenanza mellora a situación, non podemos dividir, coller a exdirectivos do taxi e intentar crear unha confrontación co Concello, todo o contrario, sentémonos a falar as veces que faga falla para regular o taxi, calquera outro sistema e para facer cidade.

Cando dicía os señores do Bloque Nacionalista Galego que se o bono taxi desapareceu, xa se lle contestou en rolda de prensa, Sra. Veloso, o bono taxi non desapareceu, non só iso, chegamos a acordos con entidades financeiras para que os nenos con mobilidade reducida da nosa cidade podan ir gratis ao campamentos

de verán, é dicir, non só temos un bono taxi senón que temos un bono taxi ampliado co diálogo deste consenso, iso comentábame hai escasos minutos a concelleira de Benestar Social. Tamén chegamos a contratos e convenios coa concellería de Turismo facendo un plan de información, de tarifas e recorridos, isto é facer cidade.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sr. Regades, non vou entrar en confrontación porque nós falamos cos representantes do sector, con todos, e todos nos parecen importantes, si é verdade que fixeron alegacións e moitas delas quizais por non falar o suficiente non foron tidas en conta ou polo menos a eles lles parece que non.

Respecto ao tema do bono taxi si hai moito que mellorar, nós apostamos por un transporte metropolitano que unifique un sistema integrado de tarifa indubidablemente os bonos tanto sociais, turísticos, etc. que teñen que ter.

En canto a Lei 4/13, de 30 de maio, si fixa o número máximo e mínimo de licencias, fixan moitas das cousas que nalgún caso nesta aprobación inicial non se contemplan, polo cal tamén é certo que nós aínda temos tempo para facer alegacións e non lle caiba a dúbida que lle chegarán, Sr. Regades.

As nosas propostas entre das que destacamos, son algunha como mellorar o perfil e formación dos novos condutores de taxi, aplicar melloras nos servizo con novas tecnoloxías, homoxeneizar as características dos vehículos para mellorar o servizo e facilitar os mantementos, aproveitar os apoios en I+D que tanto falaron hoxe e adaptalos ao sector para dispositivos e cobro de tarifas, coordinar mediante un medio de pago unha tarifa, unha tarxeta metropolitana por exemplo, tódolos servizos de transporte público ben sexan colectivos barcos, autobús urbano e interurbano, o taxi coas pertinentes bonificacións sociais, colectivas, turísticas, hostaleiras, xeneralizar e conveniar con talleres ou asociacións de talleres para mantemento de vehículos, iso son cousas que poderían ir facendo, apoio para establecer convenios para compra de vehículos, vostedes que poden ter igual que nós, contacto con concesionarios, con marcas, podería ser un bo traballo e implantar un servizo de taxi bus que creo que é importante para dar servizo naquelas zonas do municipio onde non é rendible o mantemento do autobús por frecuencias ou número de usuarios e verdade que moitas veces hai problemas, zonas de Roteas, en Coruxo, en zonas de Cabral para encher un autobús e que sexa

rendible e o servizo de taxi-bus pode ser unha solución óptima. Mellorar en comunicacións, sistemas de seguridade para o taxistas sobre todo cando se traballa de noite, mellorar a visibilidade das paradas, segue habendo problemas con algunhas, despois facer campañas de promoción e uso do taxi nesta cidade que non se ten feito ningunha en taxi, nin en calquera outro tipo de transporte.

VOTACIÓN: Queda aprobada por unanimidade.

PRESIDENCIA: Antes de pasar ós últimos puntos da orde do día deste Pleno informar, non o fixen ao principio e quéroo facer agora, de que hoxe presido este Pleno porque o Alcalde de Vigo está presentando un recurso de inconstitucionalidade fronte a nova Lei de racionalización do mundo local no nome de decenas, centenas de concellos do conxunto de España e no nome de centos de miles de cidadáns que son representados por eses concellos do noso país. É un recurso de inconstitucionalidade para defender á Administración Local que é a administración máis próxima ao cidadá e ademais a que hoxe en tempos de crise esta sendo capaz de facer fronte aos problemas reais da cidadanía, por iso hoxe non se atopa neste Pleno e o preside a primeira tenente de alcalde.

(No momento da votación está ausente o concelleiro Sr. Rodríguez Escudero, do grupo municipal do Partido Popular).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.06.2014 (Rex. Nº 907/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5(104).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓN DO PLENO .

SRA. VELOSO RÍOS: Eu a verdade é que quería rogar que neste Pleno e sobre todo dende a súa presidencia tanto por parte do Alcalde como pola da Sra. Silva hoxe, en vindeiras realizacións de plenos se teña en conta a necesidade de que se desenvolvan no maior respecto democrático a tódalas persoas que aquí estamos sentadas cos votos da cidadanía. Gustaríanos que se intentasen evitar situacións de tensión provocadas, en ocasións dende a propia presidencia, e que non se pretendese deslexitimar as intervencións e as posicións políticas das distintas forzas que estamos nesta Corporación representadas, polo que aconteza entre o público dos Plenos do Concello como aconteceu sempre neste Concello gobernando distintas forzas políticas cando moitos cidadás/áns veñen a expresar a súa opinión sobre as accións que se desenvolven desde este Concello. Gustaríanos que se procurase manter unha maior distancia, ecuanimidade e igualdade no trato ás distintas forzas políticas e que se busque que se desenvolvan os Plenos na mellor das situacións posibles.

PRESIDENCIA: Sra. Veloso isto máis que un rogo é un discurso e eu voulle contestar ao seu rogo, levamos varios Plenos no que o público asistente a este Pleno, todo o mundo sabe de onde veñen e quen son e cal é o seu posicionamento ideolóxico na cidade, falla ao respecto a concelleiras/os elixidos democraticamente pola cidadanía, por certo con moitos máis votos do que ten o Bloque Nacionalista Galego, insultan, fallan ao respecto gravemente, non se poña nerviosa Sra. concelleira perdoe, eu o que lle pido é que vostede tome distancia e aconselle.

Vostede está tendo o mesmo comportamento, estou no uso da palabra, Sra. Veloso. Eu aconséllolle que vostede que pode ter ascendencia, eu non digo que vostede teña nada que ver e estou segura que vostedes tres non teñen nada que ver, pero vostedes que teñen ascendencia sobre aqueles que veñen aquí a insultar gravemente e faltar o respecto gravemente, non o volvan facer. É grave que levemos máis de catro Plenos tendo que escoitar á xente insultar gravemente, eu o que espero de toda a Corporación e que todos nos poñamos en fronte deses comportamentos e actitudes, e se algún cidadán militante doutro grupo político tamén do que eu represento, nalgún momento insulta, non teña ningunha dúbida que non o imos consentir, non se pode consentir. Graves insultos, están gravados neste Pleno, no anterior, no anterior e no anterior e iso non é democrático, Sra. Veloso.

6(105).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO A INSTALACIÓN DE TERRAZAS ENFRONTE DUN NEGOCIO.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Despois da última resposta dada neste mesmo pleno polo concelleiro D. Carlos López Font, en canto a que se estaba estudando a problemática de non permitir aparcadoiros de bicicletas diante da fachada dun negocio, e comprobando que xa se teñen instalado dúas terrazas neste mesmo lugar, o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego que lles fala presenta a seguinte pregunta, por que se está a autorizar a implantación destas terrazas xusto enfronte da devandita tenda de bicicletas?.

SR. LÓPEZ FONT: Permítanme a suxestión de que presenten unha moción para coñecela.

PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AS MEDIDAS A TOMAR PARA GARANTIR A ALIMENTACIÓN DOS NENOS E NENAS NAS VACACIÓNS.

SRA. VELOSO RÍOS: A nosa pregunta é que medidas concretas ten adoptado o goberno municipal para garantir a correcta alimentación de nenos e nenas na nosa cidade durante o período vacacional?

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Que medidas concretas? Pois tódalas medidas e programas que están deseñadas e que vostede ben coñece dende as políticas de Benestar.

PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO Á CELEBRACIÓN DO TROFEO CIDADE DE VIGO.

SR. ALONSO PÉREZ: O goberno municipal garante que este ano se vai celebrar o trofeo Cidade de Vigo de fútbol?

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Sr. Alonso, os que rexeitaron os Orzamentos e votaron non nos Orzamentos de 2014 é curioso, piden agora que se apliquen os mesmos.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.